

Nome do centro
Datos do centro

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación de Violonchelo

Curso 2024-2025



Profesoras:

Teresa Morales Diego

Cristina Nogueira Pérez



Índice

1. Introducción	9
2. Metodoloxía	9
3. Atención á diversidade	11
3.1 Atención a ACNEAE	11
3.2 Adaptacións curriculares	12
4. Temas transversais	12
4.1 Educación en valores	12
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	13
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	14
6. Secuenciación do curso	14
6.1 1º Grao Elemental	14
6.1.1 Obxectivos	14
6.1.2 Contidos	15
6.1.3 Avaliación	16
- Criterios de avaliación	16
- Mínimos esixibles	16
- Procedementos e ferramentas de avaliación	17
- Criterios de cualificación	17
- Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	18
6.1.4 Medidas de recuperación	18
- Procedementos de recuperación ordinarios	18
- Procedementos de recuperación extraordinarios	18
- Criterios de cualificación da proba extraordinaria	19
6.1.5 Recursos didácticos	19
6.2 2º Grao Elemental	20
6.2.1 Obxectivos	20
6.2.2 Contidos	21
6.2.3 Avaliación	22
-Criterios de avaliación	22
-Mínimos esixibles	23



-Procedementos e ferramentas de avaliación.....	23
-Criterios de cualificación	23
-Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	24
6.2.4 Medidas de recuperación.....	24
- Procedementos de recuperación ordinarios	24
-Procedementos de recuperación extraordinarios	25
- Criterios de cualificación da proba extraordinaria	25
6.2.5 Recursos didácticos.....	25
6.3 3º Grao Elemental.....	26
6.3.1 Obxectivos	26
6.3.2 Contidos.....	27
6.3.3 Avaliación.....	28
-Criterios de avaliación.....	29
-Mínimos esixibles.....	29
-Procedementos e ferramentas de avaliación.....	30
-Criterios de cualificación	30
-Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	30
6.3.4 Medidas de recuperación.....	31
- Procedementos de recuperación ordinarios	31
-Procedementos de recuperación extraordinarios	31
- Criterios de cualificación da proba extraordinaria	32
6.3.5 Recursos didácticos.....	32
6.4 4º Grao Elemental.....	33
6.4.1 Obxectivos	33
6.4.2 Contidos.....	34
6.4.3 Avaliación.....	35
-Criterios de avaliación.....	35
-Mínimos esixibles.....	36
-Procedementos e ferramentas de avaliación.....	36
-Criterios de cualificación	36
6.4.4 Medidas de recuperación.....	37
- Procedementos de recuperación ordinarios	37



- Procedementos de recuperación extraordinarios	37
- Criterios de cualificación da proba extraordinaria	38
6.4.5 Recursos didácticos	38
6.5 1º Grao Profesional	39
6.5.1 Obxectivos	39
6.5.2 Contidos	41
6.5.3 Avaliación	41
-Criterios de avaliación	42
- Mínimos esixibles	42
-Procedementos e ferramentas de avaliación	43
-Criterios de cualificación	43
-Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	43
6.5.4 Medidas de recuperación	44
- Procedementos de recuperación ordinarios	44
-Procedementos de recuperación extraordinarios	44
- Criterios de cualificación da proba extraordinaria	45
6.5.5 Recursos didácticos	45
6.6 2º Grao Profesional	46
6.6.1 Obxectivos	46
6.6.2 Contidos	47
6.6.3 Avaliación	48
-Criterios de avaliación	48
-Mínimos esixibles	49
-Procedementos e ferramentas de avaliación	49
-Criterios de cualificación	49
-Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	50
6.6.4 Medidas de recuperación	50
- Procedementos de recuperación ordinarios	50
-Procedementos de recuperación extraordinarios	51
- Criterios de cualificación da proba extraordinaria	51
6.6.5 Recursos didácticos	51
6.7 3º Grao Profesional	52



6.7.1	Obxectivos	52
6.7.2	Contidos	54
6.7.3	Avaliación	55
	-Criterios de avaliación	55
	-Mínimos esixibles	56
	-Procedementos e ferramentas de avaliación	56
	-Criterios de cualificación	56
	-Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	57
6.7.4	Medidas de recuperación	57
	- Procedementos de recuperación ordinarios	57
	-Procedementos de recuperación extraordinarios	57
	- Criterios de cualificación da proba extraordinaria	58
6.7.5	Recursos didácticos	58
6.8	4º Grao Profesional	59
6.8.1	Obxectivos	59
6.8.2	Contidos	60
6.8.3	Avaliación	61
	-Criterios de avaliación	62
	-Mínimos esixibles	62
	-Procedementos e ferramentas de avaliación	63
	-Criterios de cualificación	63
	-Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	63
6.8.4	Medidas de recuperación	63
	- Procedementos de recuperación ordinarios	63
	-Procedementos de recuperación extraordinarios	64
	- Criterios de cualificación da proba extraordinaria	65
6.8.5	Recursos didácticos	65
6.9	5º Grao Profesional	66
6.9.1	Obxectivos	66
6.9.2	Contidos	67
6.9.3	Avaliación	68
	-Criterios de avaliación	68



-Mínimos esixibles	69
-Procedementos e ferramentas de avaliación	69
-Criterios de cualificación	69
- Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	70
6.9.4 Medidas de recuperación	70
- Procedementos de recuperación ordinarios	70
- Procedementos de recuperación extraordinarios	70
- Criterios de cualificación da proba extraordinaria	71
6.9.5 Recursos didácticos	71
6.10 6º Grao Profesional	72
6.10.1 Obxectivos	72
6.10.2 Contidos	73
6.10.3 Avaliación	74
-Criterios de avaliación	75
-Mínimos esixibles	75
-Procedementos e ferramentas de avaliación	75
-Criterios de cualificación	76
6.10.4 Medidas de recuperación	76
- Procedementos de recuperación ordinarios	76
- Procedementos de recuperación extraordinarios	77
- Criterios de cualificación da proba extraordinaria	77
6.10.5 Recursos didácticos	78
6.10.6 Recital final	78
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	79
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	79
9. ANEXOS	80
9.1 Probas de acceso a 1º Grao Profesional	80
- Contidos	81
- Criterios de avaliación	82
- Repertorio orientativo	82
9.2 Probas de acceso a outros cursos	83
Grao Elemental	83



Nome do centro
Datos do centro

2º de Grao Elemental	84
- Contidos	84
-Criterios de avaliación	84
-Porcentaxes de calificación	85
-Repertorio orientativo	85
3º de Grao Elemental	86
- Contidos	86
-Criterios de avaliación	87
-Porcentaxes de calificación	87
- Repertorio orientativo	87
4º de Grao Elemental	88
-Contidos	88
- Criterios de avaliación	89
-Porcentaxes de calificación	90
- Repertorio orientativo	90
Grao Profesional	91
2º de Grao Profesional	91
- Contidos	91
- Criterios de avaliación	92
- Repertorio orientativo	92
3º de Grao Profesional	93
-Contidos	93
- Criterios de avaliación	94
- Repertorio orientativo	95
4º de Grao Profesional	96
- Contidos	96
- Criterios de avaliación	97
- Repertorio orientativo	97
5º de Grao Profesional	98
- Contidos	98
- Criterios de avaliación	99



- Repertorio orientativo.....	99
6º de Grao Profesional.....	100
- Contidos.....	100
- Criterios de avaliación.....	101
- Repertorio orientativo.....	101
9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	102
-Criterios de avaliación.....	103
9.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	104
9.5 A clase colectiva.....	104
-Obxectivos.....	105
-Contidos.....	106
9.6 Violonchelo como segundo instrumento.....	107
9.6.1 Obxectivos.....	107
9.6.2 Contidos.....	107
9.6.3 Avaliación.....	108
-Criterios de avaliación.....	109
-Mínimos esixibles.....	109
-Procedementos e ferramentas de avaliación.....	109
-Criterios de cualificación.....	110
-Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	110
9.6.4 Medidas de recuperación.....	110
- Procedementos de recuperación ordinarios.....	110
- Procedementos de recuperación extraordinarios.....	111
9.6.5 Recursos didácticos.....	111



Nome do centro
Datos do centro

1. Introducción

Grao Elemental

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece, no seu artigo 45, que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas no posterior Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas elementais de réxime especial de música. A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. A presente programación concreta dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

Grao Profesional

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece, no seu artigo 6.2, que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos, os criterios de avaliación e os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música, é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos Páxina 7 de 71 básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

2. Metodoloxía

O proceso de ensino-aprendizaxe estará presidido polas teorías cognitivas do constructivismo, perseguindo sempre un tipo de aprendizaxe significativa, no cal o alumno

vaia integrando os novos coñecementos aos xa asimilados previamente; conseguindo desta forma establecer unha sólida técnica instrumental.

Será un tipo de ensino presidido polo principio de funcionalidade, de tal modo que o alumno atope a aplicación práctica de cada un das aprendizaxes e poida aplicalos dunha forma real e efectiva.

A elección do repertorio realizarase de acordo co principio de adecuación, xa que cada un dos estudos e obras a traballar durante o curso axustaranse ás necesidades técnicas e musicais que o alumno teña en cada momento, partindo sempre os contidos mínimos establecidos.

Incrementarase a dificultade dos contidos a medida que o alumno asimilase os anteriores e estea preparado para afrontar novos retos, aplicando así o principio de ordenamento. A súa secuenciación estará directamente relacionada co desenvolvemento evolutivo do alumno, o cal variará entre un e outro.

En todo momento haberá un tipo de aprendizaxe participativa na que se analizarán e razoarán co alumno todos e cada un dos contidos explicados nas clases. Traballarase a partir dos principios da autocorrección e da eficiencia, co obxectivo de fomentar un tipo de estudo consciente e poder adquirir, desta forma, unha maior autonomía, optimizar ao máximo o tempo e establecer uns hábitos de estudo eficaces. Para todo iso será fundamental desenvolver a súa capacidade de autocrítica e de concentración.

Traballarase a partir dunha aprendizaxe de tipo observacional, baseado na imitación, no que a figura do profesor será de gran importancia, xa que a partir del xerarse unha referencia sonora sobre a que o alumno irá desenvolvendo a súa propia personalidade musical e a súa capacidade creativa.

O ensino terá un marcado carácter motivador, xa que é un dos elementos fundamentais para garantir o éxito nos estudos. Procuraranse actividades que resulten atractivas e plenamente satisfactorias para o alumno e que lle animen a continuar avanzando no seu proceso de ensino-aprendizaxe.

Por último, procurarase a interrelación entre os distintos contidos da materia, así como os contidos das distintas materias do curso. Faranse numerosas referencias á materia de análise co obxectivo de conseguir unha mellor e máis profunda comprensión das obras paratraballar.

3. Atención á diversidade

As ensinanzas instrumentais ofrécennos a vantaxe de ser individualizadas e, por tanto, adaptables a cada individuo. A avaliación diagnóstica será esencial para determinar as características persoais de cada alumno/a. Mediante a comunicación co alumnado e a interpretación de pezas xa coñecidas, o profesorado elixirá o repertorio máis axeitado para cada un, en función das súas aptitudes, características e demais circunstancias persoais. Igualmente adaptará as actividades das sesións a cada caso particular e deberá manter un seguimento diario do alumnado con actividades de consolidación e avaliación.

No caso do reforzo educativo, será deseñado polo titor/a co consentimento das familias e, en ocasións, coa súa participación. Poderase modificar a metodoloxía e desenvolveranse actividades específicas para cada caso.

3.1 Atención a ACNEAE

A equidade na educación é un dos puntos que se recollen no texto consolidado LOE-LOMCE. Concretamente o Capítulo I do Título II regula o ACNEAE, distinguindo o seguintes seis casos:

- Alumnado con Necesidades Educativas Especiais (ANEE): entre as que se inclúen a discapacidade motora, intelectual e sensorial, así como os trastornos de desenvolvemento, de conduta e do espectro autista.
- Alumnado con Dificultades Específicas de Aprendizaxe (DEA): presenta un desfase curricular baseado en trastornos de lectura (dislexia), escritura (disgrafía), matemáticas (discalculia) ou a linguaxe (afasia).
- Alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH): este alumnado precisa un diagnóstico clínico e en xeral presenta patróns persistentes de desatención ou impulsividade-hiperactividade.
- Alumnado con Altas Capacidades Intelectuais (ALCAIN): entre as que se atopa a súper dotación intelectual, a precocidade intelectual e os talentos simple, múltiple e complexo. No caso dos nosos ensinos, destacan por unha desenvolvida intelixencia musical, relacionada habitualmente coa matemática e a lingüística. Adoitan precisar de explicacións teóricas sobre os procedementos empregados.
- Alumnado con Integración Tardía ao Sistema Educativo (INTARSE) e alumnado con Especiais Condicións Persoais ou de Historia Escolar (ECOPHE): inclúe a aqueles alumnos con condicións especiais de saúde ou situación xurídica, así como os que se incorporaron tarde ao sistema educativo e a súa escolarización estea desaxustada por absentismo ou cambios de centro.



Nome do centro
Datos do centro

3.2 Adaptacións curriculares

Tanto o Decreto 198/2007 coma o Decreto 203/2007, especifican que as adaptacións curriculares han de respectar no esencial os obxectivos de ditos decretos, polo que tampouco poderán ser modificados os contidos nin os criterios de avaliación. Poderanse realizar adaptacións curriculares non significativas, que permitirán priorizar determinados elementos curriculares e aplicar os mínimos esixibles para a avaliación.

En caso de contar cun alumno que precise dunha ACIS, informarase, previo permiso dos pais, ao xefe de departamento e ao equipo directivo do centro e contactarase co departamento de orientación do seu centro de estudos para fixar as pautas de actuación.

4. Temas transversais

O tratamento de contidos transversais é imprescindible para a formación integral do alumnado. Representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade. Son contidos de ensinanza esencialmente actitudinais que responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá e de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo.

4.1 Educación en valores

Como toda ensinanza educativa na nosa programación atenderemos a temas que afectan aos individuos deste século XXI. Sinalamos aqueles aspectos da Educación en Valores que máis inciden directamente nas nosas ensinanzas.

Educación ambiental: será abordada a través do interese despertado polos estudos de contaminación acústica: fomentaremos a atención do propio alumnado á produción excesiva de rúidos no entorno e a atención ao silencio como marco imprescindible na execución e escoita musical.

Educación para a saúde: a práctica musical realízase corporalmente, polo que axuda a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento. Incidiremos na educación postural, adquisición dun correcto tono muscular, así como o aproveitamento da respiración. O coñecemento da voz e dos cambios que se producen nela é fundamental á hora de considerar a hixiene vocal.

Educación para a igualdade entre sexos. Como punto de partida previo a toda actividade musical debemos ter presente o principio de integración, e o respecto mutuo a



Nome do centro
Datos do centro

todos os integrantes na nosa actividade musical. Ademais de abordar actividades concretas como o papel da muller na música.

Educación para a paz e a tolerancia, inculcando o respecto cara as persoas do entorno inmediato, ou diferentes culturas do mundo tanto coa práctica instrumental como a audición activa de obras. A aceptación das regras de actuación, a ubicación no plano sonoro axeitado, a atención aos demais na práctica instrumental, etc. implican un acatamento das normas, imprescindible á hora de considerar o desenvolvemento social do individuo.

Educación para o ocio, achegando ao alumnado ás diferentes ofertas existentes con respecto a actividades musicais extraescolares, que favorezan un crecemento da súa sensibilidade musical, cultural e sentir estético.

Educación do consumidor. Resulta imprescindible desenvolver no alumnado unha actitude crítica ante o fenómeno musical, considerando a forte presión exercida na sociedade polos medios de comunicación.

Educación moral e cívica. A música amosou a súa relación coa sociedade ao longo do tempo, polo que a súa contribución á educación cívica aparece como unha constante en todas as épocas. Ademais, este transversal debe estar presente referido aos compañeiros, ao material da aula e ao profesor.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro conta con equipos informáticos con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca-fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis axeitado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan. Existe no centro unha rede wi-fi que permite empregala no curso das clases para poñerlle ao alumno exemplos musicais de todo tipo, visualizar concertos, partituras manuscritas o editadas para lectura a vista, dixitación de fragmentos musicais, etc.



5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc. O alumnado e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar ao alumnado e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

Se fomentará que os alumnos participen, ademais de nos concertos que serven como avaliación dos mesmos, noutros concertos organizados polo centro con motivo de celebracións ou conmemoracións como por exemplo: concerto de Santa Icí, concerto de Navidad, concerto do día da Paz, concertos benéficos para a cociña económica e outras asociacións benéficas, concerto fin de curso, e outros que podan xurdir ao longo do curso.

6. Secuenciación do curso

6.1 1º Grao Elemental

6.1.1 Obxectivos

1. Coñecer as diferentes partes do violonchelo e do arco, así como dos aspectos básicos do seu mantemento.
2. Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda así como a coordinación entre ambos.
 - a. Adoptar unha posición corporal que favoreza unha colocación correcta do instrumento, e a actividade da man esquerda.
 - b. Aprender a coller o arco. Aprender a desprazar o brazo dereito con corrección e liberdade de movementos.
3. Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
 - a. Comezar coa educación do oído en procura dun son correcto e afinado.
 - b. Introducir os parámetros que definen a calidade sonora.
4. Desenvolver a autonomía necesaria para solucionar cuestións básicas na interpretación das obras do repertorio e adquirir un hábito de estudo eficaz e constante.



5. Adquirir e aplicar as técnicas básicas e específicas do instrumento para a interpretación dun repertorio axeitado a cada nivel.
 - a. Introducir golpes de arco básicos: detaché, staccato, legato entre dúas notas.
 - b. Aprender a desprazar os dedos da man esquerda tanto vertical como horizontalmente no instrumento.
 - c. Comezar o estudo da 1ª posición e introducir a 4ª posición. Comprender o esquema de posicións.
6. Interpretar un repertorio básico integrado por obras dunha dificultade acorde con este nivel.
 - a. Habitarse á práctica diaria co instrumento.
 - b. Interpretar en público e de memoria un repertorio acorde con este nivel.
 - c. Aprender a escoitar música.
7. Estimular a creatividade expresiva a través da práctica da improvisación.
8. Promover a práctica individual e de conxunto, como medio para fomentar o traballo cooperativo, a solidariedade e o respecto polas achegas dos outros.

6.1.2 Contidos

1. Coñecemento das partes do violonchelo e do arco, así como dos aspectos básicos do seu mantemento.
2. Correcta posición corporal que permita unha boa suxeición do violonchelo e do arco, posibilitando así a incorporación dos contidos do curso.
3. Producción do son: cordas ao aire, empregando todo o arco e distintas lonxitudes do mesmo.
4. Iniciación ás dobres cordas mediante exercicios sinxelos con cordas ao aire.
5. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
6. Iniciación á afinación do instrumento.
7. Coñecemento dos golpes de arco básicos (detaché, staccato e legato entre dúas notas) e de diferentes elementos de expresión musical.
8. Desenvolvemento do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile) e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda así como a coordinación entre ambos.
9. Estudo da 1ª posición con e sen extensións e introdución da 4ª posición.
10. Estudo de escalas nunha e dúas oitavas e dos seus arpejos.
11. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
12. Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
13. Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
14. Iniciación á comprensión de estruturas musicais básicas para chegar a unha interpretación máis consciente.
15. Interpretación dun repertorio de unha dificultade progresiva.



16. Práctica de conxunto.

6.1.3 Avaliación

A avaliación realizarase desde os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo segundo marca o artigo 2º da Orde de avaliación do 8 de febreiro de 2008 e será continua, integradora, globalizada e personalizada.

A avaliación **inicial** ou **diagnóstica** determinará en que punto de aprendizaxe atópase o alumnado e o traballo que realizou de maneira autónoma durante os períodos non lectivos. Servirá para enfocar a aprendizaxe de forma personalizada segundo o nivel de cada alumno e en atención á diversidade. Utilizarase tamén ao comezo de cada sesión durante o seguimento das tarefas do alumnado para avaliar o traballo individual entre sesións.

A avaliación **continua** realizarase ao longo de todo o curso mediante a observación sistemática e diaria, a comunicación co alumnado e o seguimento de tarefas.

A avaliación **final** levarase a cabo ao finalizar cada trimestre, sendo especialmente relevante a de final de curso.

- Criterios de avaliación

1. Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento, o manexo de ambos os brazos e a súa coordinación.
2. Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
3. Coñecer os golpes de arco básicos e diferentes combinacións dos mesmos.
4. Amosar o dominio da primeira posición con e sen extensións.
5. Adestrar de xeito permanente e progresivo a memoria.
6. Interpretar en público e de memoria un repertorio axeitado ao seu nivel como mínimo unha vez ao longo do curso.
7. Mostrar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
8. Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces.

- Mínimos esixibles

1. Posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento, o manexo de ambos os brazos e a súa coordinación.
2. Sensibilidade auditiva que permita a obtención dunha boa calidade de son.
3. Execución de cordas ao aire, empregando todo o arco e distintas lonxitudes do mesmo.

4. Coñecemento dos golpes de arco básicos e diferentes elementos de expresión musical.
5. Desenvolvemento do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile) e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda así como a coordinación entre ambos.
6. Coñecemento da primeira posición con e sen extensións.
7. Adestramento de xeito permanente e progresivo da memoria.
8. Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
9. Interpretación dun repertorio dunha dificultade progresiva.
10. Demostración da capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoitar de maneira activa ao resto dos instrumentos do conxunto musical.
11. Execución en público e de memoria dun repertorio axeitado ao seu nivel como mínimo unha vez ao longo do curso.

- Procedementos e ferramentas de avaliación

Os principais procedementos que se empregarán para avaliar serán a observación sistemática e diaria, o seguimento das tarefas e a comunicación co alumnado.

As ferramentas que se empregarán son o diario de clases, audicións públicas e de aula. Así mesmo poderanse utilizar gravacións e rúbricas de avaliación.

- Criterios de cualificación

Seguimento semanal 80%	Audición 10%	Audición de aula 10%
------------------------	--------------	----------------------

No caso de que o alumno, só por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar algunha das audicións programadas, dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

Sempre que sexa posible, na audición de aula estará presente máis dun docente da especialidade ou do departamento para a súa valoración..

No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

- Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte poderá ser solicitada naqueles casos nos que o alumno/a teña superados sobradamente os obxectivos e contidos das asignaturas do curso no que se atopa. Para a súa concesión deberá haber prazas vacantes no curso ao que se desexe acceder e deberá estar de acordo a totalidade do profesorado do interesado. Poderase convocar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar cada caso concreto.

6.1.4 Medidas de recuperación

- Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrárase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas (cando superen o 50% do total), deberá convir co profesor un repertorio para presentar no momento que ambos estimen oportuno.

Este repertorio deberá constar de polo menos unha escala e unha peza de memoria por trimestre.

- Procedementos de recuperación extraordinarios

Aqueles alumnos que non superaran a materia de xeito ordinario disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar previsiblemente durante a segundaquincena do mes de xuño. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os seguintes contidos mínimos esixibles para poder aprobar a materia:

1. Posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento, o manexo de ambos os brazos e a súa coordinación.
2. Sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
3. Execución de cordas ao aire, empregando todo o arco e distintas lonxitudes do mesmo.
4. Coñecemento dos golpes de arco básicos e diferentes elementos de expresión musical.



Nome do centro
Datos do centro

5. Desenvolvemento do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile) e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda así como a coordinación entre ambos.
6. Coñecemento da primeira posición con e sen extensións.
7. Interpretación do repertorio proposto para a proba na súa totalidade (polo menos unha obra de memoria).

O repertorio para a proba extraordinaria deberá convenirse co docente e incluírá como mínimo unha escala co seu arpexo e catro pezas sendo polo menos dúas delas de memoria.

Tanto a escala como o arpexo interpretaranse de memoria.

Sempre que sexa posible na proba extraordinaria estará presente máis dun docente da especialidade ou do departamento para a súa valoración. Poderanse tamén realizar gravacións e empregar rúbricas de avaliación.

- Criterios de cualificación da proba extraordinaria

Apartado técnico 40%	Obras do repertorio 60%
----------------------	-------------------------

6.1.5 Recursos didácticos

Técnica:

- P. Bazelaire, La Technique du Violoncelle: Gammes et Arpèges.
- R. Mooney, Double Stops for Cello.
- P. Thiemann, Sistema de Escalas Básicas para Violoncello.

Métodos iniciación orientativos:

- S. Applebaum, String Builder (vol I).
- A. W. Benoy, The First-Year Violoncello Method.
- A. & C. Black, Abracadabra Cello.
- K. & D. Blackwell, Cello Time Joggers.
- J. A. Cabo Dintén, Iniciación al violoncel.
- L. R. Feuillard, Méthode pour le Jeune Violoncelliste.
- S. Lee, Le premier pas.
- S. Lee, Método práctico para violoncello, op. 30.
- S. Lee, 22 Very Easy Duets, op. 126.
- M. Martindale & R. Cracknell, Enjoy Playing the Cello.
- S. Nelson, Piece by piece.



Nome do centro
Datos do centro

- S. Nelson, Right from the Start.
- E. Sabmannshaus, "Frücher Anfang".
- S. Suzuki, Cello School Vol I.

Obras orientativas:

- B. Bartok, 18 Dúos.
- J. B. Bréval, Concertino nº IV en Do M.
- A. Trowell, 12 Morceaux Faciles, op. 4 (Vol I).

6.2 2º Grao Elemental

6.2.1 Obxectivos

1. Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda así como a coordinación entre ambos.
 - a. Adquirir un uso correcto do arco.
 - b. Revisar o asentamento do instrumento buscando a maior facilidade posible á hora de desprazarse polo mastro.
2. Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
 - a. Adquirir os coñecementos básicos sobre os matices: piano, mezzoforte e forte relacionándoos co fraseo.
 - b. Espertar a sensibilidade en busca dun bo son usando os parámetros deste.
3. Adquirir e aplicar as técnicas básicas e específicas do instrumento para a interpretación dun repertorio de obras de diferentes épocas e estilos axeitado a cada nivel.
 - a. Continuar co desenvolvemento de golpes de arco básicos: detaché, staccato e legato (ata 4 notas) nas diferentes partes do arco.
 - b. Xogar cos conceptos velocidade-peso mediante exercicios destinados a tal fin.
 - c. Desenvolver a 4ª posición, introducir a media, 2ª e 3ª posición. Comezar a descubrir a xeografía do instrumento.
 - d. Introducir a técnica dos cambios de posición.
 - e. Continuar co traballo das extensións.
4. Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
 - a. Conectar os coñecementos de linguaxe musical coa práctica do instrumento de maneira que sexan útiles tanto para interpretar como para memorizar.



- b. Adquirir o hábito de estudo diario.
- c. Interpretar en público e de memoria un repertorio de pezas deste nivel.
- 5. Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
 - a. Desenvolver a capacidade auditiva mediante exercicios axeitados para tal fin.
 - b. Traballar os parámetros do son.
- 6. Estimular a creatividade expresiva a través da práctica da improvisación.
- 7. Promover a práctica individual e de conxunto, como medio para fomentar o traballo cooperativo, a solidariedade e o respecto polas achegas dos outros.

6.2.2 Contidos

- 1. Correcta posición corporal que permita unha boa suxeición do violonchelo e do arco, posibilitando así a incorporación dos contidos do curso.
 - a. Traballo postural, forma correcta de sentar.
 - b. Correcta suxeición do arco.
 - c. Control muscular: relaxación.
- 2. Perfeccionamento do uso do arco nas súas tres partes e control na produción do son empregando todo o arco e distintas lonxitudes do mesmo.
- 3. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
 - a. Traballo sobre os parámetros do son: velocidade-peso.
 - b. Uso dos matices básicos: piano, mezzoforte e forte.
 - c. Comezo da asimilación dos conceptos básicos da agógica.
- 4. Coñecemento dos golpes de arco básicos como elementos de expresión musical.
 - a. Desenvolvemento dos golpes de arco básicos: detaché, staccato e legato ata 4 notas, así como o traballo con diferentes articulacións de arco nas diferentes partes do arco.
 - b. Desenvolvemento dos conceptos velocidade-peso.
- 5. Desenvolvemento do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile) e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda así como a coordinación entre ambos.
 - a. Perfeccionamento da forma de pisar e colocación da man esquerda nas posicións de man aberta e man pechada.
 - b. Desenvolvemento da psicomotricidade.
- 6. Estudo das posicións.
 - a. Desenvolvemento da 1ª e 4ª posición e iniciación da media, 2ª e 3ª posición.



Nome do centro
Datos do centro

- b. Iniciación e desenvolvemento dos cambios de posición, estudo dos factores que interveñen nun cambio de posición.
 - c. Continuación do traballo das extensións.
 - d. Estudo de escalas e arpexos nunha e dúas oitavas.
 - e. Continuación do traballo de dobres cordas mediante exercicios sinxelos con cordas ao aire.
7. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
 8. Adquisición de hábitos de estudo correcto e eficaz.
 - a. Dedicación e organización do tempo de estudo.
 9. Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
 10. Iniciación á comprensión de estruturas musicais básicas para chegar a unha interpretación máis consciente.
 - a. Iniciación á comprensión das estruturas musicais básicas e combinación das diferentes células rítmicas básicas.
 11. Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e a técnica do alumno.
 - a. Execución de exercicios e repertorio deseñado para este nivel.
 12. Práctica de conxunto: dúas e tres voces.

6.2.3 Avaliación

A avaliación realizarase desde os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo segundo marca o artigo 2º da Orde de avaliación do 8 de febreiro de 2008 e será continua, integradora, globalizada e personalizada.

A avaliación **inicial** ou **diagnóstica** determinará en que punto de aprendizaxe atópase o alumnado e o traballo que realizou de maneira autónoma durante os períodos non lectivos. Servirá para enfocar a aprendizaxe de forma personalizada segundo o nivel de cada alumno e en atención á diversidade. Utilizarase tamén ao comezo de cada sesión durante o seguimento das tarefas do alumnado para avaliar o traballo individual entre sesións.

A avaliación **continua** realizarase ao longo de todo o curso mediante a observación sistemática e diaria, a comunicación co alumnado e o seguimento de tarefas.

A avaliación **final** levarase a cabo ao finalizar cada trimestre, sendo especialmente relevante a de final de curso.

-Criterios de avaliación

1. Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento, o manexo de ambos os brazos e a súa coordinación.
2. Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.



Nome do centro
Datos do centro

3. Coñecer os golpes de arco básicos e diferentes combinacións dos mesmos.
4. Amosar o dominio da 1ª posición con e sen extensións e desenvolver correctamente a media, 2ª e 3ª.
5. Adestrar de xeito permanente e progresivo a memoria.
6. Interpretar en público e de memoria un repertorio axeitado ao seu nivel como mínimo unha vez ao longo do curso.
7. Mostrar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
8. Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces.

-Mínimos esixibles

1. Posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento, o manexo de ambos os brazos e a súa coordinación.
2. Sensibilidade auditiva que permita a obtención dunha boa calidade de son.
3. Control do uso do arco nas súas tres partes e na produción do son empregando todo o arco, distintas lonxitudes e diferentes combinacións do mesmo.
4. Coñecemento dos golpes de arco básicos e diferentes elementos de expresión musical.
5. Desenvolvemento do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile) e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda así como a coordinación entre ambos.
6. Dominio das posicións traballadas.
7. Adestramento de xeito permanente e progresivo da memoria.
8. Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
9. Interpretación dun repertorio dunha dificultade progresiva.
10. Demostración da capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoitar de maneira activa ao resto dos instrumentos do conxunto musical.
11. Execución en público e de memoria dun repertorio axeitado ao seu nivel como mínimo unha vez ao longo do curso.

-Procedementos e ferramentas de avaliación

Os principais procedementos que se empregarán para avaliar serán a observación sistemática e diaria, o seguimento das tarefas e a comunicación co alumnado.

As ferramentas que se empregarán son o diario de clases, audicións públicas e de aula. Así mesmo poderanse utilizar gravacións e rúbricas de avaliación.

-Criterios de cualificación

Seguimento semanal 80%	Audición 10%	Audición de aula 10%
------------------------	--------------	----------------------

No caso de que o alumno, só por motivos debidamente xustificados, non puidera realizar algunha das audicións programadas, dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

Sempre que sexa posible, na audición de aula estará presente máis dun docente da especialidade ou do departamento para a súa valoración.

No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

-Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte poderá ser solicitada naqueles casos nos que o alumno/a teña superados sobradamente os obxectivos e contidos das asignaturas do curso no que se atopa. Para a súa concesión deberá haber prazas vacantes no curso ao que se desexe acceder e deberá estar de acordo a totalidade do profesorado do interesado. Poderase convocar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar cada caso concreto.

6.2.4 Medidas de recuperación

- Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas (cando superen o 50% do total), deberá convir co mesmo un repertorio para presentar no momento que ambos estimen oportuno.

Este repertorio deberá constar de polo menos unha escala e unha peza de memoria por trimestre.

-Procedementos de recuperación extraordinarios

Aqueles alumnos que non superaran a materia de xeito ordinario disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar previsiblemente durante a segundaquincena do mes de xuño. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os seguintes contidos mínimos esixibles para poder aprobar a materia:

1. Posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento, o manexo de ambos os brazos e a súa coordinación.
2. Sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
3. Control do uso do arco nas súas tres partes e na produción do son empregando todo o arco, distintas lonxitudes e diferentes combinacións do mesmo
4. Coñecemento dos golpes de arco básicos e diferentes elementos de expresión musical.
5. Desenvolvemento do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile) e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda así como a coordinación entre ambos.
6. Coñecemento das posicións traballadas.
7. Execución do repertorio proposto para a proba na súa totalidade (polo menos unha obra de memoria).

O repertorio para a proba extraordinaria deberá convenirse co docente e incluírá como mínimo unha escala co seu arpexo e catro pezas/estudos sendo polo menos dúas delas de memoria.

Tanto a escala como o arpexo interpretaranse de memoria.

Sempre que sexa posible na proba extraordinaria estará presente máis dun docente da especialidade ou do departamento para a súa valoración. Poderanse tamén realizar gravacións e empregar rúbricas de avaliación.

- Criterios de cualificación da proba extraordinaria

Apartado técnico 40%	Obras do repertorio 60%
----------------------	-------------------------

6.2.5 Recursos didácticos

Técnica:



Nome do centro
Datos do centro

- P. Bazelaire, La Technique du Violoncelle: Gammes et Arpèges.
- R. Mooney, Double Stops for Cello.
- R. Mooney, Position Pieces for Cello.
- P. Thiemann, Sistema de Escalas Básicas para Violoncello.

Métodos orientativos:

- S. Applebaum: String Builder (vol II).
- A. W. Benoy, The Second-Year Violoncello Method.
- A. & C. Black, Abracadabra Cello.
- L. R. Feuillard, Méthode pour le Jeune Violoncelliste.
- S. Lee, Le premier pas.
- S. Lee, Método práctico para violoncello, op. 30.
- S. Lee, 22 Very Easy Duets, op. 126.
- M. Martindale & R. Cracknell, Enjoy Playing the Cello.
- D. Popper, 15 Estudios para cello, op. 76.
- S. Suzuki, Cello School Vol I e Vol II.

Obras orientativas:

- B. Bartok, 18 Dúos.
-Mínimos esixibles

1. Adopción dunha posición corporal correcta que permita a integración e desenvolvemento de todos os aspectos técnicos, así como a utilización do ton muscular e da respiración adecuadas ás esixencias da execución musical.
2. Demostración da autonomía no estudo e na resolución dos problemas que podan xurdir durante a interpretación.
3. Demostración dunha sensibilidade auditiva que permita a mellora constante da afinación, da calidade sonora e no conxunto dunha interpretación.
4. Manifestación dunha actitude de autosuperación ante os obstáculos que poidan xurdir no transcurso da aprendizaxe.
5. Capacidade de interpretación das obras do repertorio atendendo aos parámetros básicos de ritmo, afinación, articulación, son e musicais.
6. Coñecemento e aplicación dos preceptos interpretativos básicos dos diferentes estilos musicais.
7. Interpretación en público dunha parte do repertorio traballado (polo menos unha obra de memoria).

-Procedementos e ferramentas de avaliación

Os principais procedementos que se empregarán para avaliar serán a observación sistemática e diaria, o seguimento das tarefas e a comunicación co alumnado.

As ferramentas que se empregarán son o diario de clases, audicións públicas e de aula. Así mesmo poderanse utilizar gravacións e rúbricas de avaliación.

-Criterios de cualificación

Seguimento semanal 60%	Audición 20%	Audición de aula 20%
------------------------	--------------	----------------------

No caso de que o alumno, só por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar algunha das audicións programadas, dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

Sempre que sexa posible, na audición de aula estará presente máis dun docente da especialidade ou do departamento para a súa valoración.

No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

- Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte poderá ser solicitada naqueles casos nos que o alumno/a teña superados sobradamente os obxectivos e contidos das asignaturas do curso no que se atopa. Para a súa concesión deberá haber prazas vacantes no curso ao que se desexe acceder e deberá estar de acordo a totalidade do profesorado do interesado. Poderase convocar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar cada caso concreto.

6.9.4 Medidas de recuperación

- Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas (cando superen o 50% do total), deberá convir co mesmo un repertorio para presentar no momento que ambos estimen oportuno.

Este repertorio deberá constar de polo menos unha escala cos seus arpejos e as dobres cordas que correspondan ao seu nivel e unha peza de memoria por trimestre.

- Procedementos de recuperación extraordinarios

Aqueles alumnos que non superaran a materia de xeito ordinario disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar previsiblemente durante a segunda quincena do mes de xuño. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os seguintes contidos mínimos esixibles para poder aprobar a materia:

1. Adopción dunha posición corporal correcta que permita a integración e desenvolvemento de todos os aspectos técnicos, así como a utilización do ton muscular e da respiración adecuadas ás esixencias da execución musical.
2. Demostración da autonomía na resolución dos problemas que podan xurdir durante a interpretación.
3. Demostración dunha sensibilidade auditiva que permita a mellora constante da afinación, da calidade sonora e no conxunto da interpretación.



Nome do centro
Datos do centro

4. Manifestación dunha actitude de autosuperación ante os obstáculos que poidan xurdir no transcurso da interpretación.
5. Capacidade de interpretación das obras do repertorio atendendo aos parámetros básicos de ritmo, afinación, articulación, son e musicais.
6. Coñecemento e aplicación dos preceptos interpretativos básicos dos diferentes estilos musicais.
7. Interpretación na súa totalidade o repertorio proposto para a proba (polo menos unha obra de memoria).

O repertorio para a proba extraordinaria deberá convenirse co docente e constará dunha escala completa, coa súa serie de arpejos e dobres cordas (3ª, 6ª e 8ª), un estudo e tres obras ou movementos de diferentes estilos, sendo polo menos unha delas de memoria.

Tanto as escalas, como as dobres cordas e os arpejos interpretaranse de memoria.

Sempre que sexa posible na proba extraordinaria estará presente máis dun docente da especialidade ou do departamento para a súa valoración. Poderanse tamén realizar gravacións e empregar rúbricas de avaliación.

- Criterios de cualificación da proba extraordinaria

Apartado técnico 40%	Obras do repertorio 60%
----------------------	-------------------------

6.9.5 Recursos didácticos

Técnica:

- L. R. Feuillard, Ejercicios técnicos diarios.
- C. Flesch, Scale System.
- O. Sevcik, 40 Variaciones de arco, op.3.
- J. Starker, An Organized Method of String Playing.
- P. Thiemann, Sistema de Escalas Básicas para Violoncello.

Estudos orientativos:

- J-L. Duport, 21 Estudos.
- A. Franchomme, 12 Caprichos op. 7
- A. Franchomme, Estudos op. 35.
- D. Popper, 40 Estudos, op. 73.

Obras orientativas:

- J. Ch. Bach, Concerto en Do m.



Nome do centro
Datos do centro

- J. S. Bach, Suite nº II BWV 1008 e nº III BWV 1009.
- L. v. Beethoven, Sonatas op. 5, nº 1 e 2.
- L. Boccherini, Concerto en Si b M G 482.
- L. Boccherini, Sonata nº 2 en Do M.
- J. Brahms, Sonata op. 38 en Mi m.
- J. B. Bréval, Sonata en Sol M CB 67.
- M. Bruch, Kol Nidrei.
- G. Cassadó, Requiébros, Sonata no estilo antigo.
- G. Fauré, Elegía.
- G. Fauré, Romanza en La M, op. 69.
- A. Glazunov, Chant du Menestrel.
- D. v. Goens, Scherzo.
- E. Granados, Intermezzo de Goyescas.
- F. J. Haydn, Concerto en Do M.
- D. Popper, Tarantella, op. 33, Mazurka, op. 11, Papillon, op. 3.
- C. Saint-Saëns, Concerto nº1 en La m, op. 33.
- R. Schumann, Adagio e Allegro, op.70, Fantasiestücke, op. 73, Cinco pezas en estilo popular, op. 102.
- G. B. Sammartini, Sonata en Sol M op.1, nº 3.
- G. F. Telemann, Sonata Re M Twv41: D6.
- A. Vivaldi, Concerto para dous cellos en Sol m RV 531.

6.10 6º Grao Profesional

6.10.1 Obxectivos

1. Adoptar unha posición corporal correcta que permita a integración e desenvolvemento de todos os aspectos técnicos, así como utilizar o ton muscular e a respiración adecuadas ás esixencias da execución musical.
2. Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc., así como adquirir un método de estudo eficaz e constante.
 - a. Revisar e solucionar todos os problemas referidos á técnica que poidan xurdir neste momento.
 - b. Ter a capacidade de resolver todos os problemas de texto que poidan ter as obras deste nivel.
 - c. Coñecer e empregar con criterio e autonomía os diferentes recursos expresivos, interpretativos e de estilo.
 - d. Perfeccionamento da posición de polgar.
 - e. Repasar os golpes de arco realizados.
 - f. Aportar ideas e suxestións de dixitacións e arcadas seguindo as pautas de estilo e fraseo.



- g. Dominar os harmónicos artificiais.
 - h. Perfeccionar dobres cordas en toda a xeografía do instrumento.
- 3. Adquirir un control permanente da afinación e da calidade sonora, así como demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para melloralas.
- 4. Coñecer as diferentes convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
 - a. Aplicar correctamente as convencións e características de estilo que se definan.
 - b. Naturalizar as grafías da música contemporánea.
- 5. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- 6. Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación do instrumento.
- 7. Practicar a música de conxunto integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos labores.
 - a. Adquirir tanto cultura musical xeral como hábito de escoitar música. Ser capaz polo menos de describir a grandes liñas algunhas das características das pezas que se escoiten.
- 8. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade acorde co nivel.
 - a. Interpretar un repertorio que inclúa obras características de polo menos tres épocas e estilos diferentes dunha dificultade de acordo con este nivel.
 - b. Interpretar en público o programa traballado demostrando autocontrol, dominio da memoria, capacidade comunicativa e os reflexos necesarios para resolver posibles eventualidades que xurdan na interpretación.

6.10.2 Contidos

- 1. Correcta posición corporal que permita o control muscular dos movementos e da respiración, posibilitando así a incorporación dos contidos do curso.
- 2. Autonomía na resolución dos problemas derivados da interpretación e métodos de estudo eficaces.
- 3. Continuación do traballo sobre os cambios de posición, posición do polgar e perfeccionamento do coñecemento de toda a xeografía do violonchelo.
- 4. Traballo de polifonía: dobres cordas e acordes de tres e catro notas.
 - a. Perfeccionar dobres cordas (3º, 6º e 8º) en catro oitavas.
- 5. Perfeccionamento de todos os golpes de arco traballados.



Nome do centro
Datos do centro

6. Afondamento en novas calidades de son producido por harmónicos naturais e artificiais.
7. Mellora e afondamento no estudo do vibrato, o son, a afinación e o fraseo axeitado aos diferentes estilos.
 - a. Perfeccionamento do vibrato como recurso expresivo.
 - b. Estudo dos distintos tipos de vibrato e a súa aplicación interpretativa.
8. Desenvolvemento progresivo da velocidade, articulación e precisión dos dedos da man esquerda.
 - a. Escalas, serie completa de arpejos e dobres cordas en 4 oitavas en diferentes velocidades.
9. Afondamento no estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela refírense e do equilibrio das diferentes calidades de son e os niveis resultantes.
10. Práctica da lectura a primeira vista.
11. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
12. Desenvolvemento e naturalización da grafía contemporánea.
13. Estudo do repertorio propio deste nivel.
14. Preparación e interpretación pública dun repertorio de polo menos tres obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade de acordo con este nivel sendo como mínimo unha delas de memoria.

6.10.3 Avaliación

A avaliación realizarase desde os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo segundo marca o artigo 2 da Orde de avaliación do 8 de febreiro de 2008 e será continua, integradora, globalizada e personalizada.

A avaliación **inicial** ou **diagnóstica** determinará en que punto de aprendizaxe atópase o alumnado e o traballo que realizou de maneira autónoma durante os períodos non lectivos. Servirá para enfocar a aprendizaxe de forma personalizada segundo o nivel de cada alumno e en atención á diversidade. Utilizarase tamén ao comezo de cada sesión durante o seguimento das tarefas do alumnado para avaliar o traballo individual entre sesións.

A avaliación **continua** realizarase ao longo de todo o curso mediante a observación sistemática e diaria, a comunicación co alumnado e o seguimento de tarefas.

A avaliación **final** levarase a cabo ao finalizar cada trimestre, sendo especialmente relevante a de final de curso.



-Criterios de avaliación

1. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación axeitados ás esixencias da execución instrumental.
2. Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
3. Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento .
4. Demostrar unha autonomía progresiva para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio e a resolución de problemas técnicos e interpretativos.
5. Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.
6. Demostrar o coñecemento das distintas épocas e estilos no repertorio como solista e en grupo.
7. Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.
8. Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.
9. Presentar en público un programa axeitado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

-Mínimos esixibles

1. Adopción dunha posición corporal correcta que permita a integración e desenvolvemento de todos os aspectos técnicos, así como a utilización do ton muscular e da respiración adecuadas ás esixencias da execución musical.
2. Demostración da autonomía no estudo e na resolución dos problemas que podan xurdir durante a interpretación.
3. Demostración dunha sensibilidade auditiva que permita a mellora constante da afinación, da calidade sonora e no conxunto dunha interpretación.
4. Manifestación dunha actitude de autosuperación ante os obstáculos que poidan xurdir no transcurso da aprendizaxe.
5. Capacidade de interpretación das obras do repertorio atendendo aos parámetros básicos de ritmo, afinación, articulación, son e musicais.
6. Coñecemento e aplicación dos preceptos interpretativos básicos dos diferentes estilos musicais.
7. Interpretación en público dunha parte do repertorio traballado (polo menos unha obra de memoria).

-Procedementos e ferramentas de avaliación

Os principais procedementos que se empregarán para avaliar serán a observación sistemática e diaria, o seguimento das tarefas e a comunicación co alumnado.



Nome do centro
Datos do centro

As ferramentas que se empregarán son o diario de clases, audicións públicas e de aula. Así mesmo poderanse utilizar gravacións e rúbricas de avaliación.

-Criterios de cualificación

Seguimento semanal 60%	Audición 20%	Audición de aula 20%
------------------------	--------------	----------------------

Dadas as características deste curso, ao finalizar o terceiro timestre realizarase un recital que terá un peso específico dun 40%, quedando as porcentaxes da seguinte maneira:

Seguimento semanal 45%	Audición de aula 15%	Recital final 40%
------------------------	----------------------	-------------------

No caso de que o alumno, só por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar algunha das audicións programadas, dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

Sempre que sexa posible, na audición de aula e no recital estará presente máis dun docente da especialidade ou do departamento para a súa valoración.

No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

6.10.4 Medidas de recuperación

- Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas (cando superen o 50% do total), deberá convir co mesmo un repertorio para presentar no momento que ambos estimen oportuno.

Este repertorio deberá constar de polo menos unha escala cos seus arpejos e as dobres cordas que correspondan ao seu nivel e unha peza de memoria por trimestre.

- Procedementos de recuperación extraordinarios

Aqueles alumnos que non superaran a materia de xeito ordinario disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar previsiblemente durante a segunda quincena do mes de xuño. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os seguintes contidos mínimos esixibles para poder aprobar a materia:

1. Adopción dunha posición corporal correcta que permita a integración e desenvolvemento de todos os aspectos técnicos, así como a utilización do ton muscular e da respiración adecuadas ás esixencias da execución musical.
2. Demostración da autonomía na resolución dos problemas que podan xurdir durante a interpretación.
3. Demostración dunha sensibilidade auditiva que permita a mellora constante da afinación, da calidade sonora e no conxunto da interpretación.
4. Manifestación dunha actitude de autosuperación ante os obstáculos que poidan xurdir no transcurso da interpretación.
5. Capacidade de interpretación das obras do repertorio atendendo aos parámetros básicos de ritmo, afinación, articulación, son e musicais.
6. Coñecemento e aplicación dos preceptos interpretativos básicos dos diferentes estilos musicais.
7. Interpretación na súa totalidade o repertorio proposto para a proba (polo menos unha obra de memoria).

O repertorio para a proba extraordinaria deberá convenirse co docente e constará dunha escala completa, coa súa serie completa de arpejos e dobres cordas (3ª, 6ª e 8ª), un estudo e tres obras ou movementos de diferentes estilos, sendo polo menos unha delas de memoria. Tanto as escalas, como as dobres cordas e os arpejos interpretaranse de memoria.

Sempre que sexa posible na proba extraordinaria estará presente máis dun docente da especialidade ou do departamento para a súa valoración. Poderanse tamén realizar gravacións e empregar rúbricas de avaliación.

- Criterios de cualificación da proba extraordinaria

Apartado técnico 40%	Obras do repertorio 60%
----------------------	-------------------------



Nome do centro
Datos do centro

6.10.5 Recursos didácticos

Técnica:

- L. R. Feuillard, Ejercicios técnicos diarios.
- C. Flesch, Scale System.
- O. Sevcik, 40 Variaciones de arco, op.3.
- J. Starker, An Organized Method of String Playing.
- P. Thiemann, Sistema de Escalas Básicas para Violoncello.

Estudios orientativos:

- J-L. Duport, 21 Estudios.
- A. Franchomme, 12 Caprichos op. 7
- A. Franchomme, Estudios op. 35.
- D. Popper, 40 Estudios, op. 73.

Obras orientativas:

- J. S. Bach, Suite nº III BWV 1009.
- L. v. Beethoven, 7 Mozart Variationen.
- L. v. Beethoven, Sonatas op. 5, nº1 e nº2 e op. 69, nº3.
- L. Boccherini, Concerto en Si b M G 482.
- J. Brahms, Sonata op. 38 en Mi m.
- M. Bruch, Kol Nidrei.
- G. Cassadó, Requiébro, Sonata no estilo antigo.
- E. Elgar, Concerto op. 85 en Mi m.
- G. Fauré, Romanza en La M, op. 69.
- E. Granados, Intermezzo de Goyescas.
- F. J. Haydn, Concerto en Do M.
- Z. Kodály, Sonata para cello e piano, op.4.
- E. Lalo, Concerto en Re m.
- B. Martinu, Variacións sobre un tema eslovaco, H.378.
- F. Mendelssohn, Variacións Concertantes.
- J. Nin, Suite Española.
- C. Saint-Saëns, Concerto nº1 en La m, op. 33.
- D. Schostakovich, Sonata op. 40 en Re m.
- R. Schumann, Adagio e Allegro, op.70, Fantasiestücke, op. 73, Cinco pezas en estilo popular, op. 102.

6.10.6 Recital final

O programa do recital deberá consensuarse co docente e ter unha duración mínima de 20 minutos, constar de tres obras de diferentes estilos e interpretar polo menos unha delas de memoria.



Nome do centro
Datos do centro

O recital só poderá levarse a cabo co visto bo do docente segundo o nivel de preparación das obras do mesmo.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estas ideas e propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Doutra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** Adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro.
- **Contidos:** Validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación ao nivel do alumnado.
- **Actividades:** Atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe.
- **Criterios metodolóxicos:** A adecuación e coherencia dos mesmos.
- **Os medios e recursos:** Avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- **A avaliación:** Comprobarase a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos.
- **Alumnado:** A relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados. Na



Nome do centro
Datos do centro

memoria final do Departamento de corda farase constar todos os aspectos ou acordos relevantes a este respecto, e a ter en conta de cara ao curso seguinte.

Neste proceso tamén se terá en conta a análise das enquisas de satisfacción do alumnado, así coma posibles aportacións que surxiran nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, ou do resto do profesorado do centro.

Ademais, nas reunións do departamento trataranse outros aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento ou o centro para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.

9. ANEXOS

9.1 Probas de acceso a 1º Grao Profesional

Para acceder ao primeiro curso das ensinanzas profesionais de música cumprirá superar unha proba específica de acceso. Mediante esta proba valorarase a madureza, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais, de acordo cos obxectivos establecidos nesta programación.

A devandita proba consistirá en dous exercicios:

a) Interpretación de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. O repertorio deberá ser extraído da listaxe exposta máis abaixo.

b) Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical.

Cada un dos exercicios cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar. Unha vez superados os dous exercicios, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

- a) Interpretación instrumental: 70%
- b) Exercicio auditivo, vocal e de linguaxe musical: 30%

O aspirante deberá aportar aos membros do tribunal dúas copias do repertorio a interpretar.



- Contidos

1. Correcta posición corporal que permita unha boa suxeición do violonchelo e do arco, posibilitando así a incorporación dos contidos do curso.
 - a. Traballo postural, forma correcta de sentar.
 - b. Correcta suxeición do arco.
 - c. Control muscular: relaxación
2. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
 - a. Uso do abanico de dinámicas.
 - b. Traballo sobre os parámetros do son: velocidade-peso-punto de contacto.
 - c. Desenvolvemento do uso da agógica.
3. Coñecemento dos golpes de arco básicos e do vibrato como elementos de expresión musical
 - a. Perfeccionamento dos golpes de arco aprendidos.
 - b. Desenvolvemento do vibrato.
4. Desenvolvemento do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile) e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda así como a coordinación entre ambos.
 - a. Desenvolvemento da técnica dos trinos.
5. Estudo das posicións.
 - a. Desenvolvemento na execución das dobres cordas con e sen cordas ao aire.
 - b. Práctica de escalas de dúas e tres oitavas.
 - c. Desenvolvemento da 5ª posición e introdución das posicións 6ª e 7ª.
 - d. Introdución e desenvolvemento da posición do polgar.
 - e. Desenvolvemento dos distintos cambios de posición.
 - f. Estudo de escalas en dobres cordas: 6ª
6. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
 - a. Memorización de obras de extensión media.
7. Adquisición de hábitos de estudo correcto e eficaz.
 - a. Ampliación do tempo de estudo e procura da súa eficacia.
 - b. Dedicación e organización do tempo de estudo
8. Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
9. Iniciación á comprensión de estruturas musicais básicas para chegar a unha interpretación máis consciente.
10. Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e a técnica do alumno.
 - a. Execución de exercicios e repertorio deseñado para este nivel.
11. Iniciación e desenvolvemento das técnicas de autocontrol na actuación con público. Respiración e relaxación.



Nome do centro
Datos do centro

12. Práctica de conxunto: dous, tres e catro voces. Coñecemento e comprensión dos xestos necesarios para tocar en grupo. Adaptación ao conxunto cunha boa afinación e ritmo.

- Criterios de avaliación

1. Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento, o manexo de ambos os brazos e a súa coordinación.
2. Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
3. Coñecer os golpes de arco básicos e diferentes combinacións dos mesmos.
4. Amosar o dominio das cinco primeiras posicións e desenvolver a 6ª e 7ª.
5. Empregar o vibrato no repertorio do curso.
6. Adestrar de xeito permanente e progresivo a memoria.
7. Ler a primeira vista textos musicais axeitados ao seu nivel.
8. Interpretar en público e de memoria un repertorio axeitado ao seu nivel como mínimo unha vez ao longo do curso.
9. Mostrar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
10. Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces.

- Repertorio orientativo

Técnica:

- P. Bazelaire, La TechniqueduVioloncelle: GammesetArpèges.
- A. W. Benoy, Introduction to ThumbPosition.
- L. R. Feuillard, Ejercicios técnicos diarios.
- R. Mooney, Double Stops for Cello.
- R. Mooney, PositionPieces for Cello.
- R. Mooney, ThumbPosition (vol I).
- P. Thiemann, Sistema de Escalas Básicas para Violoncello.

Métodos:

- J. F. Dotzauer, 113 Estudos (vol I).
- L. R. Feuillard, Méthodepour le JeuneVioloncelliste.
- S. Lee, 40 Estudos melódicos e progresivos (vol I).
- D. Popper, 15 Estudos para cello, op. 76.

Obras:

- J. B. Bréval, Concertino nº1 Fa M e nº 3 en La M.
- J. B. Bréval, Sonata en Do M.
- F. Bridge, SpringSong.



Nome do centro
Datos do centro

- G. Cirri, 3 Sonatas.
- M. Falla, Romanza e Melodía.
- G. Goltermann, Concerto nº 4 en Sol M.
- P. Hindemith, DreileichteStücke.
- J. Klengel, Concertino nº 1 en Do M.
- F. A. Kummer, Concertino en Do M.
- B. Marcello, Sonatas (Mi m, La m, Fa M, Do M).
- G. Marie, La Cinquentine.
- D. Popper, A la memoria de mis padres.
- D. Popper, Gavota op. 67, nº 2 en Re m
- B. Romberg, Sonata op. 38, nº 1 en Mi menor.
- B. Romberg, Sonata op. 43, nº 1 en Si b M.
- C. Saint-Saëns, El Cisne.
- W. H. Squire, Danza Rústica.
- W. H. Squire, Tarantella, op. 23.
- A. Trowell, Arlequín.
- A. Vivaldi, Sonata nº 5.

9.2 Probas de acceso a outros cursos

Grao Elemental

Poderase acceder a calquera outro curso do grao elemental sen ter superado os anteriores, sempre que a idade do interesado estea comprendida entre os oito e catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural, e se supere a correspondente proba. En calquera caso, o acceso a outros cursos do grao elemental estará supeditado á existencia de prazas vacantes.

A proba constará de dous exercicios, que terán carácter eliminatorio e consistirán en:

- a) interpretación de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal. O repertorio deberá ser extraído da listaxe exposta máis abaixo.
- b) Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical.

Cada un dos exercicios cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar. Unha vez superados os dous exercicios, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:



Nome do centro
Datos do centro

- c) Interpretación instrumental: 60%
- d) Exercicio auditivo, vocal e de linguaxe musical: 40%

O aspirante deberá aportar aos membros do tribunal dúas copias do repertorio a interpretar.

2º de Grao Elemental

- Contidos

1. Coñecemento das partes do violonchelo e do arco, así como dos aspectos básicos do seu mantemento.
2. Correcta posición corporal que permita unha boa suxeición do violonchelo e do arco, posibilitando así a incorporación dos contidos do curso.
3. Produción do son: cordas ao aire, empregando todo o arco e distintas lonxitudes do mesmo.
4. Iniciación ás dobres cordas mediante exercicios sinxelos con cordas ao aire.
5. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
6. Iniciación á afinación do instrumento.
7. Coñecemento dos golpes de arco básicos (detaché, staccato e legato entre dúas notas) e de diferentes elementos de expresión musical.
8. Desenvolvemento do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile) e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda así como a coordinación entre ambos.
9. Estudo da 1ª posición con e sen extensións e introdución da 4ª posición.
10. Estudo de escalas nunha e dúas oitavas e dos seus arpejos.
11. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
12. Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
13. Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
14. Iniciación á comprensión de estruturas musicais básicas para chegar a unha interpretación máis consciente.
15. Interpretación dun repertorio de unha dificultade progresiva.
16. Práctica de conxunto.

-Criterios de avaliación

1. Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento, o manexo de ambos os brazos e a súa coordinación.
2. Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.



Nome do centro
Datos do centro

3. Coñecer os golpes de arco básicos e diferentes combinacións dos mesmos.
4. Amosar o dominio da 1ª posición con e sen extensións e desenvolver correctamente a media, 2ª e 3ª.
5. Adestrar de xeito permanente e progresivo a memoria.
6. Interpretar en público e de memoria un repertorio axeitado ao seu nivel como mínimo unha vez ao longo do curso.
7. Mostrar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
8. Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces.

-Porcentaxes de calificación

Aspectos técnicos 40%	Aspectos interpretativos 45%	Lectura a vista 15%
-----------------------	------------------------------	---------------------

-Repertorio orientativo

Técnica:

- P. Bazelaire, La Technique du Violoncelle: Gammes et Arpèges.
- R. Mooney, Double Stops for Cello.
- P. Thiemann, Sistema de Escalas Básicas para Violoncello.

Métodos:

- S. Applebaum, StringBuilder (vol I).
- A. W. Benoy, TheFirst-Year Violoncello Method.
- A. & C. Black, Abracadabra Cello.
- K. & D. Blackwell, Cello Time Joggers.
- J. A. Cabo Dintén, Iniciaciónalvioloncel.
- L. R. Feuillard, Méthodepour le JeuneVioloncelliste.
- S. Lee, Le premier pas.
- S. Lee, Método práctico para violoncello, op. 30.
- S. Lee, 22 VeryEasyDuets, op. 126.
- M. Martindale& R. Cracknell, EnjoyPlayingthe Cello.
- S. Nelson, Piecebypiece.
- S. Nelson, RightfromtheStart.
- E. Sabmannshaus, "FrücherAnfang".
- S. Suzuki, Cello SchoolVol I.

Obras:

- B. Bartok, 18 Dúos.
- J. B. Bréval, Concertino nº IV en Do M.



- A. Trowell, 12 MorceauxFaciles, op. 4 (Vol I).

3º de Grao Elemental

- Contidos

1. Correcta posición corporal que permita unha boa suxeición do violonchelo e do arco, posibilitando así a incorporación dos contidos do curso.
 - a. Traballo postural, forma correcta de sentar.
 - b. Correcta suxeición do arco.
 - c. Control muscular: relaxación.
2. Perfeccionamento do uso do arco nas súas tres partes e control na produción do son empregando todo o arco e distintas lonxitudes do mesmo.
3. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
 - a. Traballo sobre os parámetros do son: velocidade-peso.
 - b. Uso dos matices básicos: piano, mezzoforte e forte.
 - c. Comezo da asimilación dos conceptos básicos da agógica.
4. Coñecemento dos golpes de arco básicos como elementos de expresión musical.
 - a. Desenvolvemento dos golpes de arco básicos: detaché, staccato e legato ata 4 notas, así como o traballo con diferentes articulacións de arco nas diferentes partes do arco.
 - b. Desenvolvemento dos conceptos velocidade-peso.
5. Desenvolvemento do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile) e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda así como a coordinación entre ambos.
 - a. Perfeccionamento da forma de pisar e colocación da man esquerda nas posicións de man aberta e man pechada.
 - b. Desenvolvemento da psicomotricidade.
6. Estudo das posicións.
 - a. Desenvolvemento da 1ª e 4ª posición e iniciación da media, 2ª e 3ª posición.
 - b. Iniciación e desenvolvemento dos cambios de posición, estudo dos factores que interveñen nun cambio de posición.
 - c. Continuación do traballo das extensións.
 - d. Estudo de escalas e arpexos nunha e dúas oitavas.
 - e. Continuación do traballo de dobres cordas mediante exercicios sinxelos con cordas ao aire.
7. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
8. Adquisición de hábitos de estudo correcto e eficaz.



Nome do centro
Datos do centro

- a. Dedicación e organización do tempo de estudo.
9. Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
10. Iniciación á comprensión de estruturas musicais básicas para chegar a unha interpretación máis consciente.
 - a. Iniciación á comprensión das estruturas musicais básicas e combinación das diferentes células rítmicas básicas.
11. Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e a técnica do alumno.
 - a. Execución de exercicios e repertorio deseñado para este nivel.
12. Práctica de conxunto: dúas e tres voces.

-Criterios de avaliación

1. Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento, o manexo de ambos os brazos e a súa coordinación.
2. Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
3. Coñecer os golpes de arco básicos e diferentes combinacións dos mesmos.
4. Amosar o dominio da 1ª posición con e sen extensións e desenvolver correctamente a media, 2ª e 3ª.
5. Adestrar de xeito permanente e progresivo a memoria.
6. Interpretar en público e de memoria un repertorio axeitado ao seu nivel como mínimo unha vez ao longo do curso.
7. Mostrar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
8. Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces.

-Porcentaxes de calificación

Aspectos técnicos 40%	Aspectos interpretativos 45%	Lectura a vista 15%
-----------------------	------------------------------	---------------------

- Repertorio orientativo

Técnica:

- P. Bazelaire, La Technique du Violoncelle: Gammes et Arpèges.
- R. Mooney, Double Stops for Cello.
- R. Mooney, Position Pieces for Cello.



Nome do centro
Datos do centro

- P. Thiemann, Sistema de Escalas Básicas para Violoncello.

Métodos:

- S. Applebaum: String Builder (vol II).
- A. W. Benoy, The Second Year Violoncello Method.
- A. & C. Black, Abracadabra Cello.
- L. R. Feuillard, Méthode pour le Jeune Violoncelliste.
- S. Lee, Le premier pas.
- S. Lee, Método práctico para violoncello, op. 30.
- S. Lee, 22 Very Easy Duets, op. 126.
- M. Martindale & R. Cracknell, Enjoy Playing the Cello.
- D. Popper, 15 Estudios para cello, op. 76.
- S. Suzuki, Cello School Vol I e Vol II.

Obras:

- B. Bartok, 18 Dúos.
- J. B. Bréval: Concertino nº IV en Do M e nº V en Re M.
- A. Trowell, 12 Morceaux Faciles, op. 4 (Vol II).

4º de Grao Elemental

-Contidos

1. Correcta posición corporal que permita unha boa suxeición do violonchelo e do arco, posibilitando así a incorporación dos contidos do curso.
 - a. Traballo postural, forma correcta de sentar.
 - b. Correcta suxeición do arco.
 - c. Control muscular: relaxación.
2. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
 - a. Uso dos matices básicos: piano, mezzoforte e forte. Ampliación do abanico de dinámicas.
 - b. Traballo sobre os parámetros do son: velocidade-peso-punto de contacto.
 - c. Comezo da asimilación dos conceptos básicos da agógica.
3. Coñecemento dos golpes de arco básicos e do vibrato como elementos de expresión musical.
 - a. Golpes de arco: détaché, martelé, staccato e legato de ata 6 notas, entre diferentes cordas e nas diferentes partes do arco.
 - b. Iniciación ao vibrato.



4. Desenvolvemento do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile) e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda así como a coordinación entre ambos.
 - a. Exercicios elementais de dicitación e velocidade.
 - b. Iniciación á técnica dos trinos.
5. Estudo das posicións.
 - a. Perfeccionamento de dobres cordas con cordas ao aire e iniciación ás dobres cordas pisadas.
 - b. Práctica de escalas e arpejos de dúas oitavas.
 - c. Afianzamento das posicións traballadas (da media a 4ª posición), introdución da 5ª posición e a súa interrelación.
6. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
 - a. Memorización de obras de extensión media.
7. Adquisición de hábitos de estudo correcto e eficaz.
 - a. Ampliación do tempo de estudo e procura da súa eficacia.
 - b. Dedicación e organización do tempo de estudo
8. Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
9. Iniciación á comprensión de estruturas musicais básicas para chegar a unha interpretación máis consciente.
10. Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e a técnica do alumno.
 - a. Execución de exercicios e repertorio deseñado para este nivel.
11. Iniciación ás técnicas de autocontrol na actuación con público. Respiración e relaxación.
12. Práctica de conxunto: dous, tres e catro voces. Coñecemento e comprensión dos xestos necesarios para tocar en grupo.

- Criterios de avaliación

1. Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento, o manexo de ambos os brazos e a súa coordinación.
2. Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
3. Coñecer os golpes de arco básicos e diferentes combinacións dos mesmos.
4. Amosar o dominio das catro primeiras posicións con e sen extensións.
5. Adestrar de xeito permanente e progresivo a memoria.
6. Interpretar en público e de memoria un repertorio axeitado ao seu nivel como mínimo unha vez ao longo do curso.
7. Mostrar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
8. Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces.



Nome do centro
Datos do centro

-Porcentaxes de calificación

Aspectos técnicos 40%	Aspectos interpretativos 45%	Lectura a vista 15%
-----------------------	------------------------------	---------------------

- Repertorio orientativo

Técnica:

- P. Bazelaire, La Technique du Violoncelle: Gammes et Arpèges.
- R. Mooney, Double Stops for Cello.
- R. Mooney, Position Pieces for Cello.
- P. Thiemann, Sistema de Escalas Básicas para Violoncello.

Métodos:

- A. W. Benoy, TheThird-Year Violoncello Method.
- J. F. Dotzauer, 113 Estudos (vol I).
- L. R. Feuillard, Méthode pour le Jeune Violoncelliste.
- S. Lee, Método práctico para violoncello, op. 30.
- D. Popper, 15 Estudos para cello, op. 76.
- S. Suzuki, Cello SchoolVol II e III.

Obras:

- J. B. Bréval, Sonata en Do M.
- G. Cirri, 3 Sonatas.
- M. Falla, Romanza e Melodía.
- F. A. Kummer, Concertino en Do M.
- B. Romberg, Sonata op. 43, nº 1 en Si b M.
- W. H Squire, Danza Rústica.
- A. Trowell, 12 Morceaux Faciles, op. 4 (Vol III).



Grao Profesional

Poderase acceder a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes

A devandita proba consistirá en dous exercicios:

a) Interpretación de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria elección. O repertorio deberá ser extraído da listaxe exposta máis abaixo.

b) Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

Cada un dos exercicios cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar. Unha vez superados os dous exercicios, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

- e) Interpretación instrumental: 70%
- f) Exercicio auditivo, vocal e de linguaxe musical: 30%

O aspirante deberá aportar aos membros do tribunal dúas copias do repertorio a interpretar.

2º de Grao Profesional

- Contidos

1. Correcta posición corporal que permita o control muscular dos movementos e da respiración, posibilitando así a incorporación dos contidos do curso.
2. Autonomía na resolución dos problemas derivados da interpretación e métodos de estudo eficaces.
3. Continuación do traballo sobre os cambios de posición, desenvolvemento das posicións superiores.
 - a. Continuación do traballo sobre as restantes posicións así como dos cambios de posición, accedendo ao dominio progresivo de toda a xeografía do violonchelo.
 - b. Asentamento da posición de polgar fixa.
4. Traballo de polifonía: dobres cordas e acordes de tres e catro notas.
 - a. Desenvolvemento do uso de dobres cordas, 3º e 6ª, nunha e dúas 8.



Nome do centro
Datos do centro

5. Perfeccionamento de todos os golpes de arco traballados e iniciación ao spiccato.
6. Afondamento en novas calidades de son producido por harmónicos naturais.
7. Mellora e afondamento no estudo do vibrato, o son, a afinación e o fraseo axeitado aos diferentes estilos.
 - a. Perfeccionamento do vibrato como recurso expresivo.
 - b. Iniciación do estudo dos diferentes tipos de vibrato.
8. Desenvolvemento progresivo da velocidade e a articulación dos dedos da man esquerda.
 - a. Escalas, arpejos e dobres cordas en diferentes velocidades.
9. Afondamento no estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela refírense e do equilibrio das diferentes calidades de son e os niveis resultantes.
10. Práctica da lectura a primeira vista.
11. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
12. Estudo do repertorio propio deste nivel.

- Criterios de avaliación

1. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación axeitados ás esixencias da execución instrumental.
2. Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
3. Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento .
4. Demostrar unha autonomía progresiva para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio e a resolución de problemas técnicos e interpretativos.
5. Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.
6. Demostrar o coñecemento das distintas épocas e estilos no repertorio como solista e en grupo.
7. Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.
8. Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.
9. Presentar en público un programa axeitado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

- Repertorio orientativo

Técnica:

- A. W. Benoy, Introduction to Thumb Position.



Nome do centro
Datos do centro

- L. R. Feuillard, Ejercicios técnicos diarios.
- C. Flesch, Scale System.
- R. Mooney, Thumb Position (vol I).
- O. Sevcik, 40 Variaciones de arco, op.3.
- J. Starker, An Organized Method of String Playing.
- P. Thiemann, Sistema de Escalas Básicas para Violoncello.

Estudos:

- J. F. Dotzauer, 113 Estudios (vol I).
- J-L. Duport, 21 Estudios.
- S. Lee, 40 Estudios melódicos e progresivos (vol I).

Obras:

- J. S. Bach, Suite nº I BWV 1007.
- J. B. Bréval, Concertino nº1 Fa M e nº 3 en La M.
- J. B. Bréval: Concerto nº 2 en Re M
- J. B. Bréval, Sonata en Do M.
- J. L. Duport: Sonata nº2 en Sol M
- G. Fauré, Après un Rêve, Sicilienne op. 78.
- G. Goltermann, Concerto op. 65, nº 4 en Sol M.
- J. Klengel, Concertinos op. 7, nº 1 en Do M e op. 41, nº 2 en Sol M.
- F. A. Kummer, Concertino en Do M.
- D. Popper, A la memoria de mis padres.
- D. Popper, Gavota op. 23, nº 2 en Re M.
- B. Romberg, Sonata op. 43, nº 2 en Do M.
- B. Romberg, Sonata op. 38, nº 2 en Sol M.
- C. Saint-Saëns, El Cisne, Allegro Appassionato op. 43.
- W. H. Squire, Danza Rústica.
- W. H. Squire, Tarantella, op. 23.

3º de Grao Profesional

-Contidos

1. Correcta posición corporal que permita o control muscular dos movementos e da respiración, posibilitando así a incorporación dos contidos do curso.
2. Autonomía na resolución dos problemas derivados da interpretación e métodos de estudo eficaces.
3. Continuación do traballo sobre os cambios de posición, desenvolvemento das posicións superiores.



Nome do centro
Datos do centro

- a. Continuación do traballo sobre as restantes posicións así como dos cambios de posición, accedendo ao dominio progresivo de toda a xeografía do violonchelo.
 - b. Asentamento da posición fixa do polgar.
4. Traballo de polifonía: dobres cordas e acordes de tres e catro notas.
 - a. Desenvolvemento do uso de dobres cordas, 3^o e 6^a, nunha e dúas oitavas.
 - b. Introducción do intervalo de 8^a en dobres cordas nunha oitava.
5. Perfeccionamento de todos os golpes de arco traballados.
 - a. Desenvolvemento do spiccato e bariolage
6. Afondamento en novas calidades de son producido por harmónicos naturais.
7. Mellora e afondamento no estudo do vibrato, o son, a afinación e o fraseo axeitado aos diferentes estilos.
 - a. Perfeccionamento do vibrato como recurso expresivo.
 - b. Estudo dos distintos tipos de vibrato.
8. Desenvolvemento progresivo da velocidade, articulación e precisión dos dedos da man esquerda.
 - a. Escalas, arpejos e dobres cordas en diferentes velocidades.
9. Afondamento no estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela refírense e do equilibrio das diferentes calidades de son e os niveis resultantes.
10. Práctica da lectura a primeira vista.
11. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
12. Estudo do repertorio propio deste nivel.

- Criterios de avaliación

1. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación axeitados ás esixencias da execución instrumental.
2. Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
3. Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento .
4. Demostrar unha autonomía progresiva para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio e a resolución de problemas técnicos e interpretativos.
5. Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.
6. Demostrar o coñecemento das distintas épocas e estilos no repertorio como solista e en grupo.
7. Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.
8. Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.



Nome do centro
Datos do centro

9. Presentar en público un programa axeitado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

- Repertorio orientativo

Técnica:

- A. W. Benoy, Introduction to ThumbPosition.
- L. R. Feuillard, Ejercicios técnicos diarios.
- C. Flesch, ScaleSystem.
- R. Mooney, ThumbPosition.
- O. Sevcik, 40 Variaciones de arco, op.3.
- J. Starker, AnOrganizedMethodofStringPlaying.
- P. Thiemann, Sistema de Escalas Básicas para Violoncello.

Estudos:

- J. F. Dotzauer, 113 Estudos (vol I e II).
- J-L. Duport, 21 Estudos.
- A. Franchomme, Estudos op. 35.
- S. Lee, 40Estudos melódicos e progresivos (vol I e II).
- D. Popper, Estudos preparatorios, op. 76.

Obras:

- J. S. Bach, Suite nº I BWV 1007.
- L. V. Beethoven, Variaciones “Judas Macabeo”.
- J. B. Bréval, Concerto nº 2 en Re M
- F. Couperin, Pezas de concerto.
- J. L. Duport, Sonata nº2 en Sol M
- G. Fauré, Après un Rêve, Elegía, Sicilienneop. 78.
- A. Glazunov, Chantdu Menestrel.
- G. Goltermann, Capricho para cello-piano, Estudio-capricho op.54 nº 4.
- G. Goltermann, Concertos op. 65, nº 4 en Sol M e op. 46, nº 3 en La m.
- J. Klengel, Concertinos op. 41, nº 2 en Sol M e op. 46, nº 3 en La m.
- F. Mendelssohn, Romanza sin palabras op.109.
- D. Popper, Gavota op. 23, nº 2 en Re M.
- S. Rachmaninov, Vocalise.
- B. Romberg, Sonata op. 43, nº 2 en Do M.
- C. Saint-Saëns, El Cisne, Allegro Appassionatoop. 43.
- G. B. Sammartini, Sonata en Sol M op.1, nº 3.
- G. F. Telemann, Sonata Re M Twv41: D6.



4º de Grao Profesional

- Contidos

1. Correcta posición corporal que permita o control muscular dos movementos e da respiración, posibilitando así a incorporación dos contidos do curso.
2. Autonomía na resolución dos problemas derivados da interpretación e métodos de estudo eficaces.
3. Continuación do traballo sobre os cambios de posición, desenvolvemento das posicións superiores.
 - a. Continuación do traballo sobre as restantes posicións así como dos cambios de posición, accedendo ao dominio progresivo de toda a xeografía do violonchelo.
4. Traballo de polifonía: dobres cordas e acordes de tres e catro notas.
 - a. Desenvolvemento do uso de dobres cordas, 3º e 6ª, en dúas oitavas. Introducción da terceira oitava.
 - b. Desenvolvemento das dobres cordas en intervalo de 8ª nas dúas primeiras oitavas.
5. Perfeccionamento de todos os golpes de arco traballados.
6. Afondamento en novas calidades de son producido por harmónicos naturais e artificiais.
 - a. Introducción de harmónicos artificiais de 4ª.
7. Mellora e afondamento no estudo do vibrato, o son, a afinación e o fraseo axeitado aos diferentes estilos.
 - a. Perfeccionamento do vibrato como recurso expresivo.
 - b. Estudo dos distintos tipos de vibrato.
8. Desenvolvemento progresivo da velocidade, articulación e precisión dos dedos da man esquerda.
 - a. Escalas, arpexos e dobres cordas en diferentes velocidades.
9. Afondamento no estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela refírense e do equilibrio das diferentes calidades de son e os niveis resultantes.
10. Práctica da lectura a primeira vista.
11. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
12. Iniciación á música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.
13. Estudo do repertorio propio deste nivel.



- Criterios de avaliación

1. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación axeitados ás esixencias da execución instrumental.
2. Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
3. Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento .
4. Demostrar unha autonomía progresiva para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio e a resolución de problemas técnicos e interpretativos.
5. Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.
6. Demostrar o coñecemento das distintas épocas e estilos no repertorio como solista e en grupo.
7. Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.
8. Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.
9. Presentar en público un programa axeitado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

- Repertorio orientativo

Técnica:

- L. R. Feuillard, Ejercicios técnicos diarios.
- C. Flesch, ScaleSystem.
- O. Sevcik, 40 Variaciones de arco, op.3.
- J. Starker, AnOrganizedMethodofStringPlaying.
- P. Thiemann, Sistema de Escalas Básicas para Violoncello.

Estudos:

- J. F. Dotzauer, 113 Estudos (vol II).
- J-L. Duport, 21 Estudos.
- A. Franchomme, Estudos op. 35.
- D. Popper, Estudos preparatorios, op. 76.

Obras:

- J. Ch. Bach, Concerto en Do m.
- J. S. Bach, Suite nº I BWV 1007 e nº II BWV 1008.
- L. v. Beethoven, Sonatas op. 5, nº 1 e 2.
- L. V. Beethoven, Variaciones “Judas Macabeo”.
- L. Boccherini, Concerto nº 3 en Sol M.
- L. Boccherini, Sonata nº 3 en Sol M.



Nome do centro
Datos do centro

- J. B. Bréval, Sonata en Sol M CB 67.
- M. Bruch, KolNidrei.
- F. Couperin, Pezas de concerto.
- J. L. Duport, Sonata nº2 en Sol M
- G. Fauré, Elegía.
- A. Glazunov, Chantdu Menestrel.
- D. v. Goens, Scherzo.
- G. Goltermann, Capricho para cello-piano, Estudio-capricho op.54 nº 4.
- F. Mendelssohn, Romanza sin palabras op.109.
- D. Popper, Gavota op. 23, nº 2 en Re M.
- S. Rachmaninov, Vocalise.
- C. Saint-Saëns, Allegro Appassionatoop. 43.
- G. B. Sammartini, Sonata en Sol M op.1, nº 3.
- G. F. Telemann, Sonata Re M Twv41: D6.

5º de Grao Profesional

- Contidos

1. Correcta posición corporal que permita o control muscular dos movementos e da respiración, posibilitando así a incorporación dos contidos do curso.
2. Autonomía na resolución dos problemas derivados da interpretación e métodos de estudo eficaces.
3. Continuación do traballo sobre os cambios de posición, desenvolvemento das posicións superiores.
 - a. Continuación do traballo sobre as restantes posicións así como dos cambios de posición, accedendo ao dominio progresivo de toda a xeografía do violonchelo.
4. Traballo de polifonía: dobres cordas e acordes de tres e catro notas.
 - a. Desenvolvemento progresivo de dobres cordas en tres oitavas.
5. Perfeccionamento de todos os golpes de arco traballados.
 - a. Desenvolvemento do golpe de arco saltillo.
6. Afondamento en novas calidades de son producido por harmónicos naturais e artificiais.
 - a. Continuación do desenvolvemento de harmónicos artificiais.
7. Mellora e afondamento no estudo do vibrato, o son, a afinación e o fraseo axeitado aos diferentes estilos.
 - a. Perfeccionamento do vibrato como recurso expresivo.
 - b. Estudo dos distintos tipos de vibrato.
8. Desenvolvemento progresivo da velocidade, articulación e precisión dos dedos da man esquerda.
 - a. Escalas, arpejos e dobres cordas en diferentes velocidades.



Nome do centro
Datos do centro

9. Introducción da 4ª oitava en escalas.
10. Afondamento no estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela refírense e do equilibrio das diferentes calidades de son e os niveis resultantes.
11. Práctica da lectura a primeira vista.
12. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
13. Iniciación á música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.
 - a. Iniciación á grafía contemporánea
14. Estudo do repertorio propio deste nivel.

- Criterios de avaliación

1. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación axeitados ás esixencias da execución instrumental.
2. Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
3. Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento .
4. Demostrar unha autonomía progresiva para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio e a resolución de problemas técnicos e interpretativos.
5. Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.
6. Demostrar o coñecemento das distintas épocas e estilos no repertorio como solista e en grupo.
7. Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.
8. Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.
9. Presentar en público un programa axeitado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

- Repertorio orientativo

Técnica:

- L. R. Feuillard, Ejercicios técnicos diarios.
- C. Flesch, ScaleSystem.
- O. Sevcik, 40 Variaciones de arco, op.3.
- J. Starker, AnOrganizedMethodofStringPlaying.
- P. Thiemann, Sistema de Escalas Básicas para Violoncello.

Estudos:



Nome do centro
Datos do centro

- J-L. Duport, 21 Estudos.
- A. Franchomme, 12 Caprichos op. 7
- A. Franchomme, Estudos op. 35.
- D. Popper, Estudos preparatorios, op. 76.
- D. Popper, 40 Estudos, op. 73.

Obras:

- J. Ch. Bach, Concerto en Do m.
- J. S. Bach, Suite nº II BWV 1008.
- L. v. Beethoven, Sonatas op. 5, nº 1 e 2.
- L. Boccherini, Concerto nº 3 en Sol M.
- L. Boccherini, Sonatas nº 2 en Do M e nº 3 en Sol M.
- J. B. Bréval, Sonata en Sol M CB 67.
- M. Bruch, KolNidrei.
- G. Fauré, Elegía.
- A. Glazunov, Chantdu Menestrel.
- D. v. Goens, Scherzo.
- G. Goltermann, Capricho para cello-piano, Estudio-capricho op.54 nº 4.
- D. Popper, Tarantella, op. 33, Mazurka, op. 11, Papillon, op. 3.
- S. Rachmaninov, Vocalise.
- G. B. Sammartini, Sonata en Sol M op.1, nº 3.
- G. F. Telemann, Sonata Re M Twv41: D6.
- A. Vivaldi, Concerto para dous cellos en Sol m RV 531.

6º de Grao Profesional

- Contidos

1. Correcta posición corporal que permita o control muscular dos movementos e da respiración, posibilitando así a incorporación dos contidos do curso.
2. Autonomía na resolución dos problemas derivados da interpretación e métodos de estudo eficaces.
3. Continuación do traballo sobre os cambios de posición, posición do polgar e perfeccionamento do coñecemento de toda a xeografía do violonchelo.
4. Traballo de polifonía: dobres cordas e acordes de tres e catro notas.
 - a. Continuar co desenvolvemento das dobres cordas en 3 oitavas. Introducir a 4º oitava.
5. Perfeccionamento de todos os golpes de arco traballados.
6. Afondamento en novas calidades de son producido por harmónicos naturais e artificiais.
7. Mellora e afondamento no estudo do vibrato, o son, a afinación e o fraseo axeitado aos diferentes estilos.



- a. Perfeccionamento do vibrato como recurso expresivo.
 - b. Estudo dos distintos tipos de vibrato e a súa aplicación interpretativa.
8. Desenvolvemento progresivo da velocidade, articulación e precisión dos dedos da man esquerda.
 - a. Escalas, arpejos e dobres cordas en diferentes velocidades.
 - b. Desenvolvemento da 4ª oitava en escalas e arpejos.
 9. Afondamento no estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela refírense e do equilibrio das diferentes calidades de son e os niveis resultantes.
 10. Práctica da lectura a primeira vista.
 11. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
 12. Desenvolvemento e naturalización da grafía contemporánea.
 13. Estudo do repertorio propio deste nivel.

- Criterios de avaliación

1. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación axeitados ás esixencias da execución instrumental.
2. Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
3. Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento .
4. Demostrar unha autonomía progresiva para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio e a resolución de problemas técnicos e interpretativos.
5. Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.
6. Demostrar o coñecemento das distintas épocas e estilos no repertorio como solista e en grupo.
7. Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.
8. Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.
9. Presentar en público un programa axeitado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

- Repertorio orientativo

Técnica:

- L. R. Feuillard, Ejercicios técnicos diarios.
- C. Flesch, ScaleSystem.
- O. Sevcik, 40 Variaciones de arco, op.3.



Nome do centro
Datos do centro

- J. Starker, AnOrganizedMethodofStringPlaying.
- P. Thiemann, Sistema de Escalas Básicas para Violoncello.

Estudos:

- J-L. Duport, 21 Estudos.
- A. Francomme, 12 Caprichos op. 7
- A. Francomme, Estudos op. 35.
- D. Popper, 40 Estudos, op. 73.

Obras:

- J. Ch. Bach, Concerto en Do m.
- J. S. Bach, Suite nº II BWV 1008 e nº III BWV 1009.
- L. v. Beethoven, Sonatas op. 5, nº 1 e 2.
- L. Boccherini, Concerto en Si b M G 482.
- L. Boccherini, Sonata nº 2 en Do M.
- J. Brahms, Sonata op. 38 en Mi m.
- J. B. Bréval, Sonata en Sol M CB 67.
- M. Bruch, KolNidrei.
- G. Cassadó, Requeiebros, Sonata no estilo antigo.
- G. Fauré, Elegía.
- G. Fauré, Romanza en La M, op. 69.
- A. Glazunov, Chantdu Menestrel.
- D. v. Goens, Scherzo.
- E. Granados, Intermezzo de Goyescas.
- F. J. Haydn, Concerto en Do M.
- D. Popper, Tarantella, op. 33, Mazurka, op. 11, Papillon, op. 3.
- C. Saint-Saëns, Concerto nº1 en La m, op. 33.
- R. Schumann, Adagio e Allegro, op.70, Fantasiestücke, op. 73, Cinco pezas en estilo popular, op. 102.
- G. B. Sammartini, Sonata en Sol M op.1, nº 3.
- G. F. Telemann, Sonata Re M Twv41: D6.
- A. Vivaldi, Concerto para dous cellos en Sol m RV 531.

9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Poderán presentarse todo o alumnado do Conservatorio Profesional Xan Viaño que finalizaran 6º de Grao Profesional cunha cualificación media de 8 ou máis, e que non teñan ningunha materia pendente do curso anterior.



Nome do centro
Datos do centro

O concurso terá lugar ante un tribunal de tres membros único para todos os candidatos, non podendo ser membros deste tribunal aqueles profesores que o foran dos candidatos no presente curso.

Os candidatos interpretarán unha obra ou obras dun nivel axeitado á categoría da proba. Os candidatos presentarán tres copias de cada obra ao tribunal.

O tribunal, proposto pola dirección do centro, será publicado con antelación no taboleiro de anuncios do centro, así como os horarios exactos de celebración do concurso.

Os candidatos terán que aportar o seu pianista nas especialidades que así o precisen.

Tanto a selección como posibles concertos derivados desta convocatoria poderán ser gravados polo centro e empregados con fins pedagóxicos.

O tribunal terá plena liberdade para interrompirla a interpretación dos candidatos cando o considere oportuno. A duración de cada intervención non superará os 20 minutos, e terá unha duración mínima de 15.

-Criterios de avaliación

Interpretar as obras amosando o control técnico do instrumento. Con este criterio comprobaráse que o alumno ou demostra unha excelente capacidade e control técnico pleno do instrumento e valorarase segundo os seguintes indicadores:

- Dificultade do repertorio.
- Control do ritmo e medida das figuras.
- Claridade e igualdade de dixitación.
- Calidade do son.

Interpretar as obras con coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das mesmas. Con este criterio valorarase o estilo interpretativo do alumnado mediante os seguintes indicadores:



Nome do centro
Datos do centro

- Aplicación das articulacións segundo o estilo da obra.
- Adecuación sonora aos diferentes estilos.
- Adaptación das dinámicas a cada estilo de interpretación.
- Corrección na execución dos ornamentos

Interpretar as partituras con rigor e calidade respecto a movementos, notas e tempos.

Con este criterio se comprobará o rigor do alumnado na interpretación das obras que se valorará mediante os seguintes indicadores:

- Respecto dos aires e movementos.
- Fidelidade das indicacións agónicas e dinámicas contidas na partitura.
- Exactitude na exposición das notas.

Amosar as dotes artísticas e a unha excepcional capacidade de comunicación musical.

Con este criterio valorarase a interpretación artística do alumnado mediante os seguintes indicadores:

- Capacidade de comunicación musical.
- Concentración ao longo do recital.

9.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte poderá ser solicitada naqueles casos nos que o alumno/a teña superados sobradamente os obxectivos e contidos das asignaturas do curso no que se atopa. Para a súa concesión deberá haber prazas vacantes no curso ao que se desexe acceder e deberá estar de acordo a totalidade do profesorado do interesado. Poderase convocar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar cada caso concreto.

9.5 A clase colectiva

A clase colectiva cumpre funcións educativas fundamentais, como o desenvolvemento da personalidade, a socialización e a transmisión de saberes. Entre os obxectivos do grao elemental de música menciónase a capacidade de apreciar a importancia da música como linguaxe e medio de expresión dos pobos e das persoas e tamén de interpretar música en grupo, habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e a adaptarse equilibradamente ao conxunto.

Dende o punto de vista psicolóxico, a clase colectiva serve para despertar unha motivación lúdica entre os alumnos. En xeral, é máis estimulante e divertida que a clase individual. Isto contribúe á socialización e ao crecemento persoal dos alumnos, que servirá para evitar inhibicións e desenvolver neles seguridade, autonomía e liberdade.



Ao facer música en grupo mellórase a capacidade de sincronización rítmica, así como a precisión na afinación.

Por último, a música fomenta o crecemento ético das persoas, posto que impón unhas normas de convivencia e comportamento. A clase colectiva debe estar vinculada ao traballo individual e ha de integralo nun proxecto común, suxeito a unha disciplina de conxunto; esta disciplina consiste en respectar o silencio, escoitar os demais, intervir construtivamente no traballo de equipo e asumir a parte de responsabilidade que cada un ten no resultado final. Isto significa a adquisición duns hábitos, actitudes, valores e normas fundamentais para a actividade musical, pero tamén para o desenvolvemento de relacións harmoniosas cos demais e da capacidade de interpretar e resolver situacións ás que o alumno terá que enfrontarse na vida adulta.

-Obxectivos

1. Ser capaces de interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e a adaptarse equilibradamente ao conxunto.
2. Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
3. Aplicar e desenvolver a técnica individual no traballo en grupo.
4. Valorar as normas que rexen a actividade de conxunto e a responsabilidade que se contrae nunha tarefa colectiva.
5. Enriquecer a cultura musical a través dun repertorio específico que só pode executarse dentro dun grupo.
6. Facer da práctica da música en grupo unha actividade habitual, organizada, grata e totalmente integrada no proceso de aprendizaxe do alumno.
7. Inculcar respecto e aprecio polos valores propios do traballo colectivo, tanto nos seus aspectos sociais e organizativos como afectivos.
8. Ampliar os coñecementos xerais do instrumento en calquera ámbito da música: historia do instrumento, a súa función en calquera formación na que participe, acústica do instrumento.
9. Introducir de xeito sinxelo a historia do instrumento, así como compositores que escribiron para el, autores de métodos, intérpretes importantes...
10. Coñecer obras importantes e curiosidades do repertorio do instrumento a través da realización de audicións.
11. Ler á primeira vista partituras de grupo sinxelas, con control da afinación e equilibrio sonoro.
12. Realizar pequenas improvisacións.
13. Ampliar o coñecemento doutros instrumentos.



Nome do centro
Datos do centro

-Contidos

1. Interpretación de dúos, tríos, cuartetos ou outras formacións para interpretar en grupo.
2. Audicións de concertos, sonatas, pezas etc.....comentadas para a iniciación ó mundo da música grupal.
3. Visionado de videos relativos ao instrumento, tanto de concertos coma da súa historia.
4. Lectura á primeira vista de pequenas obras.
5. Improvisación de pequenos fragmentos de acordo co nivel de cada alumno.
6. Posta en común das obras traballadas durante o curso.
7. Adestramento da coordinación nas entradas e finais das obras, así como da consecución dos matices en grupo.
8. Coñecemento en conxunto das características e posibilidades sonoras dun grupo de instrumentos dentro das esixencias dos niveis de grao elemental.
9. Práctica dunha sensibilidade auditiva que permita a unión e conexión sonora de todo o grupo instrumental.
10. Exercicios para estimular a capacidade de escoltar e tocar ó mesmo tempo, favorecendo a adaptación ó conxunto sonoro.



9.6 Violonchelo como segundo instrumento

9.6.1 Obxectivos

1. Coñecer as diferentes partes do violonchelo e do arco, así como dos aspectos básicos do seu mantemento.
2. Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda así como a coordinación entre ambos.
 - a. Adoptar unha posición corporal que favoreza unha colocación correcta do instrumento, e a actividade da man esquerda.
 - b. Aprender a coller o arco. Aprender a desprazar o brazo dereito con corrección e liberdade de movementos.
3. Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
 - a. Comezar coa educación do oído en procura dun son correcto e afinado.
 - b. Introducir os parámetros que definen a calidade sonora.
4. Desenvolver a autonomía necesaria para solucionar cuestións básicas na interpretación das obras do repertorio e adquirir un hábito de estudo eficaz e constante.
5. Adquirir e aplicar as técnicas básicas e específicas do instrumento para a interpretación dun repertorio axeitado a cada nivel.
 - a. Introducir golpes de arco básicos: detaché, staccato, legato entre dúas notas.
 - b. Aprender a desprazar os dedos da man esquerda tanto vertical como horizontalmente no instrumento.
 - c. Comezar o estudo da 1ª posición e introducir a 4ª posición. Comprender o esquema de posicións.
6. Interpretar un repertorio básico integrado por obras dunha dificultade acorde con este nivel.
 - a. Habitarse á práctica diaria co instrumento.
 - b. Interpretar en público e de memoria un repertorio acorde con este nivel.
 - c. Aprender a escoitar música.
7. Estimular a creatividade expresiva a través da práctica da improvisación.
8. Promover a práctica individual e de conxunto, como medio para fomentar o traballo cooperativo, a solidariedade e o respecto polas achegas dos outros.

9.6.2 Contidos

1. Coñecemento das partes do violonchelo e do arco, así como dos aspectos básicos do seu mantemento.



2. Correcta posición corporal que permita unha boa suxeición do violonchelo e do arco, posibilitando así a incorporación dos contidos do curso.
3. Producción do son: cordas ao aire, empregando todo o arco e distintas lonxitudes do mesmo.
4. Iniciación ás dobres cordas mediante exercicios sinxelos con cordas ao aire.
5. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
6. Iniciación á afinación do instrumento.
7. Coñecemento dos golpes de arco básicos (detaché, staccato e legato entre dúas notas) e de diferentes elementos de expresión musical.
8. Desenvolvemento do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile) e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda así como a coordinación entre ambos.
9. Estudo da 1ª posición con e sen extensións e introdución da 4ª posición.
10. Estudo de escalas nunha e dúas oitavas e dos seus arpejos.
11. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
12. Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
13. Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
14. Iniciación á comprensión de estruturas musicais básicas para chegar a unha interpretación máis consciente.
15. Interpretación dun repertorio de unha dificultade progresiva.
16. Práctica de conxunto.

9.6.3 Avaliación

A avaliación realizarase desde os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo segundo marca o artigo 2º da Orde de avaliación do 8 de febreiro de 2008 e será continua, integradora, globalizada e personalizada.

A avaliación **inicial** ou **diagnóstica** determinará en que punto de aprendizaxe atópase o alumnado e o traballo que realizou de maneira autónoma durante os períodos non lectivos. Servirá para enfocar a aprendizaxe de forma personalizada segundo o nivel de cada alumno e en atención á diversidade. Utilizarase tamén ao comezo de cada sesión durante o seguimento das tarefas do alumnado para avaliar o traballo individual entre sesións.

A avaliación **continua** realizarase ao longo de todo o curso mediante a observación sistemática e diaria, a comunicación co alumnado e o seguimento de tarefas.

A avaliación **final** levarase a cabo ao finalizar cada trimestre, sendo especialmente relevante a de final de curso.



Nome do centro
Datos do centro

-Criterios de avaliación

1. Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento, o manexo de ambos os brazos e a súa coordinación.
2. Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
3. Coñecer os golpes de arco básicos e diferentes combinacións dos mesmos.
4. Amosar o dominio da primeira posición con e sen extensións.
5. Adestrar de xeito permanente e progresivo a memoria.
6. Interpretar en público e de memoria un repertorio axeitado ao seu nivel como mínimo unha vez ao longo do curso.
7. Mostrar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
8. Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces.

-Mínimos esixibles

1. Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento, o manexo de ambos os brazos e a súa coordinación.
2. Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
3. Tocar cordas ao aire, empregando todo o arco e distintas lonxitudes do mesmo.
4. Coñecer os golpes de arco básicos e diferentes elementos de expresión musical.
5. Desenvolver o movemento horizontal do brazo dereito (cantabile) e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda así como a coordinación entre ambos.
6. Amosar o dominio da primeira posición con e sen extensións.
7. Adestrar de xeito permanente e progresivo a memoria.
8. Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces.
9. Interpretar un repertorio dunha dificultade progresiva.
10. Manifestar a capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoitar de maneira activa ao resto dos instrumentos do conxunto musical.
11. Interpretar en público e de memoria un repertorio axeitado ao seu nivel como mínimo unha vez ao longo do curso.

-Procedementos e ferramentas de avaliación

Os principais procedementos que se empregarán para avaliar serán a observación sistemática e diaria, o seguimento das tarefas e a comunicación co alumnado.

As ferramentas que se empregarán son o diario de clases, audicións públicas e de aula, gravacións e portafolio do alumnado.



-Criterios de cualificación

Seguimento semanal 80%	Audición 10%	Audición de aula 10%
------------------------	--------------	----------------------

No caso de que o alumno, só por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar algunha das audicións programadas, dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

-Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte poderá ser solicitada naqueles casos nos que o alumno/a teña superados sobradamente os obxectivos e contidos das asignaturas do curso no que se atopa. Para a súa concesión deberá haber prazas vacantes no curso ao que se desexe acceder e deberá estar de acordo a totalidade do profesorado do interesado. Poderase convocar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar cada caso concreto.

9.6.4 Medidas de recuperación

- Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas (cando superen o 50% do total), deberá convir co profesor un repertorio para presentar no momento que ambos estimen oportuno.

Este repertorio deberá constar de polo menos unha escala e unha peza de memoria por trimestre.



Nome do centro
Datos do centro

- Procedementos de recuperación extraordinarios

Aqueles alumnos que non superaran a materia de xeito ordinario disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a segunda quincena do mes de xuño. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

O repertorio para a proba extraordinaria deberá convenirse co docente e incluírá como mínimo unha escala co seu arpejo e catro pezas sendo polo menos dúas delas de memoria.

9.6.5 Recursos didácticos

Técnica:

- P. Bazelaire, La TechniqueduVioloncelle: GammesetArpèges.
- R. Mooney, Double Stops for Cello.
- P. Thiemann, Sistema de Escalas Básicas para Violoncello.

Métodos iniciación:

- S. Applebaum, StringBuilder (vol I).
- A. W. Benoy, TheFirst-Year Violoncello Method.
- A. & C. Black, Abracadabra Cello.
- K. & D. Blackwell, Cello Time Joggers.
- J. A. Cabo Dintén, Iniciaciónalvioloncel.
- L. R. Feuillard, Méthodepour le JeuneVioloncelliste.
- S. Lee, Le premier pas.
- S. Lee, Método práctico para violoncello, op. 30.
- S. Lee, 22 VeryEasyDuets, op. 126.
- M. Martindale& R. Cracknell, EnjoyPlayingthe Cello.
- S. Nelson, Piecebypiece.
- S. Nelson, RightfromtheStart.
- E. Sabmannshaus, "FrücherAnfang".
- S. Suzuki, Cello SchoolVol I.

Obras orientativas:

- B. Bartok, 18 Dúos.
- J. B. Bréval, Concertino nº IV en Do M.
- A. Trowell, 12 MorceauxFaciles, op. 4 (Vol I).